


A muller na historia do deseño



Fundación DIDAC

PADROADO

Presidenta

M.ª Concepción Mayo Lage

Vicepresidenta

Sofía M.ª Santos Pérez

Vogais

Fernando Agrasar Quiroga

Pedro Feduchi Canosa

Manuel Sánchez Delgado

Luis Sirvent López

Nuria Palmero Sande

Secretario

David Garabal

EQUIPO

Director

David Barro

Exposicións

María García

Proxectos educativos

Alba Cacheda

Publicacións

Cristina Moralejo

Blanca Prol

Edición

Fundación DIDAC

R/ Pérez Costanti, 12 baixo

15702 Santiago de Compostela

Tfno. +34 881 018 893

info@didac.gal

www.didac.gal

Texto

David Barro

Tradución

Vanesa Varela Espiñeira

Deseño de cuberta

DARDO (Blanca Prol)

Maquetaxe

DARDO (Cristina Moralejo)

Impresión

Agencia Gráfica

Tipografías

Lunatix de Zuzana Licko

(Emigre)

Multi Text de Laura Meseguer

(Type-Ø-Tones)

© da edición, Fundación DIDAC /

DARDO, 2020


© dos textos e fotografías, os autores

ISBN: 978-84-92772-74-2

DL: C 1818-2020

Este proxecto editouse ao abeiro do
Fondo de proxectos culturais Xacobeo
2021 da Xunta de Galicia.

A Fundación DIDAC conta co apoio de:



A muller na historia do deseño
La mujer en la historia del diseño

A OUTRA METADE. A muller na historia do deseño

DAVID BARRO

Abonda unha rápida lectura do universo das coleccións dos nosos museos máis importantes, como o Museo do Prado, a National Gallery de Londres ou o Museo do Louvre de París para ver con claridade o problema. Como sinala Peio H. Riaño no seu libro *Las invisibles. ¿Por qué el Museo del Prado ignora a las mujeres?*, editado por Capitán Swing, entre as súas obras «atopamos moitas mulleres espidas, pero poucas artistas»¹. Así, relata como a colección da National Gallery, que comprende desde o século XIII ata comezos do XX e está composta por 2.300 obras, conta unicamente con vinte pinturas realizadas por

mulleres artistas e como só catro delas están á vista. Entre elas, artistas de indiscutible calidade como Artemisia Gentileschi, Judith Leyster ou Élisabeth Vigée-Lebrun. Estas dúas últimas repítense no Museo do Louvre, que conta cunha colección de máis de 5.500 pinturas das que se exhiben máis de 3.600, pero só vinte e unha pertencen a mulleres, entre elas, as de Marie d'Orleans, a quen dedicou unha exposición temporal en 2018. O Museo do Prado exhibe pouco máis dunha decena de pinturas con autoría feminina, entre elas as de Clara Peeters, Sofonisba Anguissola, Angelica Kaufmann ou Rosa Bonheur, así como a citada Artemisia Gentileschi. Os datos numéricos son contundentes, o que nos mostra aínda unha falta de vontade á hora de normalizar esta situación.

¹ Peio H. Riaño. *Las invisibles: ¿Por qué el Museo del Prado ignora a las mujeres?*, Capitán Swing, Madrid, 2020.

Polo tanto, unha das nosas principais responsabilidades profesionais como historiadores é recuperar estes legados non só cuantitativamente senón cualitativamente, máxime cando ademais moitas pinturas realizadas por mulleres lles foron atribuídas a outros autores. Politicamente, se atendemos aos temarios de bacharelato, aínda hoxe non se contribúe a paliar esta sorte de silencio e en períodos como o Barroco —a excepción de Artemisia Gentileschi— ou o Neoclásico —con Angelica Kaufmann— as mulleres desaparecen por completo dos libros, mentres noutros períodos salpícase algún nome case de maneira anecdótica como os de Sofonisba Anguissola (Renacemento) ou Camille Claudel (Romanticismo). Porque claro que

existen máis artistas mulleres no Renacemento — Plautilla Nelli, Lavinia Fontana, Lucrezia Quistelli, Barbara Longui...—, no Rococó —Anna Dorothea Therbusch, Marguerite Gérard...—, no Barroco —Louise Moillon, Elisabetta Sirani...— ou no Neoclasicismo —Élisabeth Vigée-Lebrun, Marie-Denise Villers, Constance Marie Charpentier...— como as haberá no impresionismo —como Mary Cassatt, Marie Bracquemond ou as compañeiras no estudo de Manet, Berthe Morisot e Eva Gonzàles—, no postimpresionismo — Suzanne Valadon, Emily Carr...— ou as xa citadas artistas expresionistas. A cuestión é que, dunha forma ou doutra, todos debemos contribuir a construír ese relato na historia da arte e, como se trata neste caso, na historia do deseño².

Unha das nosas principais responsabilidades profesionais como historiadores é recuperar estes legados non só cuantitativamente senón cualitativamente, máxime cando ademais moitas pinturas realizadas por mulleres lles foron atribuídas a outros autores.

² *Mirar de nuevo. La mujer contra el tiempo*, Fundación Galicia Obra Social, Afundación, A Coruña, 2020.

Artistas e deseñadoras na era industrial e a vangarda

A mediados do século XIX creáronse institucións desde o Goberno de Londres, como a Royal Female School of Design, ou nos Estados Unidos a Philadelphia School of Design for Women, pero non será ata a chegada do movemento coñecido como *Arts & Crafts* —xurdido en Inglaterra a finais do XIX e seguramente o punto de partida do que podemos considerar como deseño moderno—, cando o papel das mulleres adquire unha visibilidade creativa inédita. Neste sentido, ninguén dubida de que é o nome do seu fundador, William Morris, o que destaca por dereito propio. Pero alén disto, resulta inxustificable que, a pesar da enorme presenza de creadoras con coñecementos de deseño e artesanía, unido ao respecto que os seus compañeiros masculinos lles tiñan como camaradas cómplices polo seu labor con deseños téxtiles, de xoias ou de libros, así como polo seu compromiso coa causa educativa, a historia esqueceu os seus nomes ao enxalzar, en moitos casos, os dos seus maridos. É o caso de Elizabeth Waterhouse e o seu traballo metalúrxico ou Phoebe Anna Traquair, coas súas ilustracións, xoias esmaltadas ou pinturas murais.

É suficiente con observar unha significativa fotografía de 1894

na que creadoras como Frances Macdonald, Agnes Raeburn, Aitken Janet, Cameron Katherine, Keppie Jessie e Margaret Macdonald rodean o si recoñecido Charles Rennie Mackintosh. Todas elas son integrantes históricas da Escola de Glasgow. Con todo, figuras como a pintora e decoradora de interiores Margaret Macdonald —que en 1900 casará co propio Mackintosh— serán clave de inspiración para o deseño psicodélico dos sesenta, tal e como se pode advertir no traballo de Alton Kelley ou Víctor Moscoso, dous dos considerados como «cinco grandes» da psicodélica, que se inspiran na era vitoriana e o *art nouveau* e suman todo iso co pouso que deixara a arte pop. O deseño psicodélico non se preocupaba pola lexibilidade e deixábase levar por influencias expresionistas e decorativas similares á fantasía lírica coa que impregnaba Macdonald os seus traballos, nos que tamén destacaban as formas vexetais e redondeadas. Pero o curioso é que seis décadas máis tarde esta ecuación se repita e resulta estraño que aínda hoxe se siga falando dos «cinco grandes» da psicodélica e ao falar de Bonnie MacLean —artista clave dese momento histórico, que unicamente realizou 32 carteis, pero para concertos memorables de The Doors, Hendrix, Led Zeppelin, Pink



Bonnie Maclean
Cartel para o Teatro
Fillmore #75, xullo
de 1967

Volvendo ao movemento *Arts & Crafts*, coñecemos máis algúns dos seus integrantes masculinos, como Charles Robert Asbee, Philip Webb ou o citado Charles Rennie Mackintosh, pero menos figuras como May Morris ou Georgie Gaskin, que xunto co marido dasegunda, Arthur, situáranse como os principais deseñadores de xoias do movemento *Arts & Crafts*, aínda que

fose Georgie a encargada directa do deseño destas. May Morris, pola súa banda, era filla de William Morris e tivo un traballo moi particular no campo da costura artística, que reivindicaba a recuperación do bordado de forma libre. Tamén destacará a creadora sueca Marta-Maas-Fjetterström, de quen se di que deseñou ao redor de 650 patróns diferentes, a maioría para as súas coñecidas alfombras, aínda que tamén para cortinas e tapices.

Floyd ou The Who— se diga que se encontra á beira deses «cinco grandes». A pregunta resulta obvia: por que non falamos dos «seis grandes» representantes deste momento contracultural? Non existen moitas razóns que poidan xustificar esa inxustiza, sobre todo cando foi ela quen substituíu a Wes Wilson —o cartelista máis popular da psicodélica— á fronte da comunicación do Teatro Fillmore de San Francisco.



Melitta Bentz
Filtro de café Melitta, 1908
Foto: Elke Wetzig

Ao mesmo tempo, nos Estados Unidos, destacaron nomes como Florence Koehler, que cultivou a xoiaría e a cerámica; a decoradora de interiores Elsie de Wolfe; e máis tarde, Marie Zimmermann no campo da xoiaría e a metalstaría, aínda que tamén dominou a pintura e a escultura.

De todas as formas, ata a Primeira Guerra Mundial a maioría das mulleres deseñadoras empregáronse como artesás para executar deseños realizados por homes e aproveitaron a súa habilidade para executaren traballos máis finos e delicados de artes decorativas e tamén exerceron como asistentes en estudos de deseño que as mantiveron nunha especie de anonimato. En calquera caso, pódense destacar casos como o de Louise Chéruit ou Jeanne Lanvin no campo da alta costura e a moda; E. Lilian Todd no deseño de aeroplanos; ou as inventoras Margaret Eloise Knight, que patentou unha máquina

en 1871 para a produción masiva de bolsas de papel de fondo plano —que aínda hoxe son características dos supermercados estadounidenses— e Melitta Bentz, que desenvolverá o filtro para café en 1908.

Por suposto, esta ausencia de mulleres deseñadoras e artistas continúa nas vangardas e só moi recentemente podemos afirmar que existe compromiso ou responsabilidade no mundo da historiografía á hora de reivindicar nomes que ata agora foron obviados nas narrativas oficiais. Deteñámonos, por exemplo, no dadaísmo, que non foi un estilo moi concreto e seguramente esa condición converterao nunha actitude creativa que é fácil de rastrexar en moitos outros momentos da historia ata hoxe, como a arte conceptual ou a *performance*. Na súa irreverencia e desafío ao establecido podemos recoñecer achegas importantes de creadoras no campo da pintura — Florine Stettheimer, Sophie Taeuber-Arp, Juliette Roche, Suzanne Duchamp—, na cerámica — Beatrice Wood—, na colaxe



Hannah Höch
Indische Tänzerin: Aus einem ethnographischen Museum, 1930
moMA

a Höch na medida da súa verdadeira importancia. Höch, que tiña acceso a moito material editorial grazas ao seu traballo como arquivista nunha editorial berlinesa, confirmárase como artista clave do dadaísmo por dereito propio, cunha obra

— Hannah Höch—, e sobre todo, no mundo da *performance* da man das polifacéticas poetas alemás Emmy Hennings e Elsa von Freytag-Loringhoven. Tamén coa debuxante americana Clara Tice. Neste grupo de artistas dadaístas atopamos mesmo a Shen Yuan, activa compoñente do grupo vangardista chinés dos oitenta que explorou a relación do budismo co dadaísmo a través do absurdo e a casualidade.

De todas elas, Hannah Höch é a única verdadeiramente coñecida, pioneira en plasmar o papel da muller moderna e expoñente dunha contradición do movemento dadaísta que, aínda cando defendía a emancipación feminina, na práctica non chegará a aceptar

singular, máis íntima e estética que a de moitos dos seus colegas. As fotomontaxes dadaístas de Hannah Höch son, seguramente, as mellor resoltas desde un punto de vista compositivo, xa que estruturan o material gráfico a varios niveis como xa propuxera en traballos temperáns como *Da Dandy* (1920). En calquera caso, tanto Höch como Raoul Hausmann —que mantiveron unha conflictiva relación sentimental— escribirán sobre como se inspiraron nas tarxetas postais que os soldados enviaban desde a fronte. Porque o que resulta verdadeiramente significativo é, como coas fotografías recortadas e recompostas, a arte convértese nun medio propicio para recompoñer a orde política

e o mundo en xeral. É algo que Arthur C. Danto intúe a respecto de John Heartfield e a montaxe, porque «a tarefa xa non é representar o mundo, senón recompoñelo»³.

O dadaísmo representa, en definitiva, unha ruptura coas normas establecidas e, neste sentido, incluso artistas como Maruja Mallo poderían situarse neste movemento en canto actitude, aínda que as súas pinturas encaixen mellor coa estética surrealista. Todos estes exemplos deixan claro que, a pesar da gran participación de artistas mulleres no movemento dadaísta, a súa presenza na historia da arte foi velada e só nestes últimos anos se comezaron a reivindicar algúns dos seus nomes, por contagotas. Cabe preguntarse, polo tanto, como habería que facer unha nova lectura da historia da arte do século XX, máxime se, definitivamente, se demostrase que o célebre urinario atribuído a Marcel Duchamp foi idea da súa noiva Elsa von Freytag-Loringhoven.

O mesmo sucede se nos detemos a analizar o cubismo, onde nomes como os de Marie Laurencin, María Blanchard ou máis tarde María Helena Vieira da Silva son o suficientemente significativos para

3 Arthur C. Danto, *La Madonna del futuro. Ensayos en un mundo del arte plural*, Editorial Paidós Ibérica, Barcelona, 2003.

poder explicar que a redución das formas ao esencial e o uso de perspectivas múltiples e fragmentadas non era de uso exclusivo dos homes. Doutra banda, o traballo de Alexandra Exter, Liubov Popova, Marlow Moss ou Véra Molnar merece ser recoñecido na súa importancia para movementos como o construtivismo ou o futurismo, onde debemos sumar a Natalia Goncharova. Por non dicir o amplo catálogo de artistas mulleres que cultivaron o surrealismo, desde Dora Maar, Meret Oppenheim, Leonora Carrington, Tarsila do Amaral, Claude Cahun, Eileen Agar, Dorothea Tanning ou a xa citada Maruja Mallo. Por suposto, hai excepcións que si foron tidas en conta, como Sonia Delaunay, figura clave na arte abstracta, que se baseou no cubismo para chegar ao que se coñece como orfismo, caracterizado pola relación emocional das distintas cores no lenzo.

Pero volvamos á historia do deseño e, neste caso, á Bauhaus. No primeiro cuarto do século XX, sobre todo despois da Primeira Guerra Mundial, as mulleres foron conseguindo dereitos que recoñecían a súa gran contribución durante os anos da guerra e que trataban de acabar con séculos de opresión política, o que aumentou o sufraxio das mulleres en Europa e América. Pero o realmente importante foi o



A baronesa Elsa von Freytag-Loringhoven, 1920
Library of Congress

cambio de mentalidade de moitas mulleres, que conseguiron crer máis firmemente nas súas habilidades e no campo do deseño esa situación foi aínda máis determinante.

Un espazo significativo foi o que se conseguiu conformar na Bauhaus, onde rescataron e traballaron a tradición e o retorno ás orixes. Advertímolo no programa da Escola escrito por Walter Gropius en 1919: «Hoxe as artes existen nun illamento do que só poden ser rescatadas polo esforzo consciente e cooperativo de todos os artesáns (...) O obxectivo último, aínda que distante, da Bauhaus é a obra de arte unificada». O nome Bauhaus, (literalmente, «casa de construción»), fai referencia

á loxa dos construtores de catedrais do Medievo, a Bauhütte (literalmente «barraca de construción»). Tamén o manifesto fundacional escrito por Gropius tiña por portada a soada xilografía de Lyonel Feininger, «Catedral», unha catedral gótica sobre un firmamento irradiante, con tres estrelas que simbolizan os piares das artes plásticas: arquitectura, escultura e pintura. No texto podemos ler, entre outras cousas: «Todos nós, arquitectos, escultores, pintores, temos que volver ao artesanado. Xa que non existe “a arte como profesión”. Non existe diferenza substancial entre artista e artesán. O artista é un artesán potenciado. Nos raros momentos de luz que transcenden a vontade do individuo, a graza do ceo fai florecer inconscientemente a arte da súa man; pero ten que existir unha base de capacidade técnica e artesanal en cada artista. Aquí atopamos a orixe da capacidade creadora. Formemos pois unha nova corporación artesanal sen esa división de clases que pretendía erixir un muro arrogante entre artistas e artesáns».

Sonia Delaunay



Xogo de naipes, 1964. Col. Fundación DIDAC

Destas palabras podemos interpretar que nas súas orixes a Bauhaus estaba impregnada do espírito e os principios do movemento *Arts & Crafts*, que expuña a recuperación da artesanía medieval. Gropius non pensou sempre así e comeza a facelo ante as condicións económicas e sociais da posguerra, ante a falta de grandes industrias en Weimar e pensando en que en ningunha parte de Alemaña se ofrecían boas perspectivas para o estudo das artes. Así, anos máis tarde, en 1956, Gropius dicía que «o obxectivo da Bauhaus era formar homes dotados de talento artístico para a súa actuación como creadores de forma na industria, como artesáns, escultores, pintores e arquitectos [...]»⁴. Neste contexto, o labor da muller nos talleres da Bauhaus foi determinante, e é o mellor e máis verdadeiro exemplo de fusión de arte e artesanía dun modo global que hoxe podemos poñer en valor. Os téxtiles de Gunta Stölzl e Anni Albers, os tapices e alfombras de Gertrud Arndt e Benita Otte; todas elas usaron materiais que se basean nas tradicións do traballo manual e artesanal. Algunhas conseguiron destacar na cerámica, como Marguerite Friedlaender, ou Alma

⁴ Walter Gropius, *Alcance de la arquitectura integral*, Ed. La Isla, Bos Aires, 1956.

Buscher no taller de ebanistería, que se dedicaba sobre todo a mobles infantís e xoguetes.

Moitas das manufacturas de Benita Otte saíron dos exercicios que Paul Klee lles propuxo aos seus alumnos, que consistían en exercicios con raias que transitaban de brancos a negros. Esta experimentación coas distintas gradacións de cor axudou a que os seus traballos adquirisen unha gran variedade e versatilidade para obter tons cos fíos, ata desenvolver unha enxeñosa representación de cores secundarias a partir da roda de cores. Os traballos de Otte destacan pola súa innovación téxtil, os seus xogos xeométricos e o seu amplo manexo cromático. Como tecedora uniuse intimamente a Gunta Stölzl e ambas comezaron a experimentar no taller de tecido sen deixarse levar polas regras marcadas do oficio. Gunta Stölzl, pola súa banda, foi unha das mulleres con maior éxito das que emerxeron da Bauhaus. Unha vez trasladada a Bauhaus a Dessau, Stölzl desenvolveu orixinais técnicas de téxtil perfeccionando o método e desta etapa xurdiron tecidos cada vez máis esixentes tecnicamente para recubrir grandes superficies, como o teatro de Dessau, ou para mobles, como as cadeiras de Marcel Breuer. Stölzl converteu a tecedura da Bauhaus nun dos talleres con máis éxito e foi das poucas mulleres



Mulleres no obradoiro téxtil da Bauhaus, ca. 1927


Foto: Feininger. Bauhaus-Archiv Berlin

que alcanzou unha posición de dirección dentro da escola. Creou, ao definir un mundo imaxinario a través da materia, a forma e as cores, innovadores produtos para o novo estilo de vida xa iniciado.

Pero na Bauhaus existen máis exemplos, que permaneceron máis ou menos ocultos. Un é o de Gertrud Arndt, deseñadora téxtil interesada no uso da cor e a forma. Co tempo, o uso do cadrado converteuse en elemento fundamental para os seus deseños. Un deles foi a creación dunha alfombra para a oficina de Walter Gropius, para a que utilizou a técnica dos nós entrelazados, que formaban cadrados azuis e amarelos. A gama de cores foi en aumento nas súas composicións ata que chegou un momento no que foi necesario

comezar a tinguir as súas propias las. Pero ademais da súa destreza co téxtil, Arndt era unha apaixonada da fotografía, como demostrou na súa serie *Retratos de máscara*, que contaba con 43 autorretratos con distintos traxes. As súas imaxes desafiaban a fotografía moderna, sen ángulos, sen o sometemento aos fundamentos xeométricos e por todo iso pódese considerar unha pioneira no autorretrato feminino, que preparou o terreo para artistas como Cindy Sherman ou Sophie Calle.

Outras creadoras que se achegaron ao téxtil foron Ida Kerkovius —que estivo moi influenciada polo seu mestre Johannes Itten, quen lle abriu un novo mundo de posibilidades respecto ao uso de materiais e as súas calidades— e Otti Berger —que traballou composicións polifónicas cunha economía de recursos e unha restrición a poucos elementos na composición, tamén influenciada por Klee. Ao mesmo tempo, Margarete Heymann, máis coñecida como Grete Marks, entrou na Bauhaus moi nova e alí instruíuse como ceramista.



Gertrud Arndt
Bauhaus Rug No. 1, 1924
Bauhaus Movement

experimentación, probando mestura de materiais, esmaltes e combinacións de cores, nos que seguía a prevalecer a forma. Esas formas simples levounas á porcelana, unha porcelana branca sen decoración, cunha estrita elegancia, e traballou a cerámica cun enfoque duradeiro, práctico e simple.

Todo isto mostra como as mulleres recorreron historicamente máis á artesanía e merecen ese recoñecemento, aínda que, por suposto, tamén existen

As súas obras posteriores mostran claras influencias do seu paso pola Bauhaus, como son as formas simples e a sensibilidade plástica que decora as súas pezas. Tamén Marguerite Friedlander Wildenhain foi unha ceramista, educadora e autora estadounidense nada en Francia e formada na Bauhaus. O deseño da forma e a superficie, o pensamento tridimensional e o lineal, sempre estiveron unidos ás súas creacións. Traballou coa

artistas homes como Picasso ou escultores moi artesáns como Medardo Rosso, Giacometti ou Rodin, que son exemplos importantes á hora de valorar o proceso artesanal. Actualmente moitos artistas contemporáneos aplicáronse coa cerámica e o barro, como Fischli & Weiss, Mark Manders ou Edmundo de Waal, sen esquecer as *Lurras* de Chillida, pero as mulleres seguen a ofrecer os resultados máis interesantes, con exemplos

Charlotte Perriand



524 Tabouret Berçer, 1953. Producido por Cassina. Col. Fundación DIDAC

como Betty Woodman ou Rachel Kneebone, ou as españolas Elena Blasco, Elena Aitzkoa, June Crespo ou Teresa Solar.

É preciso matizar, en calquera caso, que na etapa de Weimar non se facilitaba moito o acceso da muller á escola da Bauhaus e as que eran admitidas traballaban nos teares. Os homes temían unha tendencia demasiado forte da escola cara ao artesanal e vían en perigo a meta da Bauhaus, a arquitectura. Un exemplo é Marianne Brandt, quen tivo serias dificultades para entrar no taller de metal, pero tras conseguilo deixou obxectos maravillosos, como a súa coñecida teteira. Os deseños da alemá Marianne Brandt son considerados precursores do deseño industrial contemporáneo. Brandt, que con anterioridade emprendera unha carreira como artista e que será unha excelente fotógrafa, asistiu ao curso preliminar de ingreso á Bauhaus impartido por Josef Albers e László Moholy-Nagy, quen será o seu mentor no taller de metais, o que converteu a Brandt na primeira muller en poder acceder a este. O uso de formas xeométricas sinxelas, claras e abstractas será tomado como guía por Marianne Brandt, que procurará as formas máis simples e depuradas nos seus deseños de obxectos domésticos como teteiras, cinceiros ou lámpadas. Inspirada na arte,

traballará formas como o círculo, a esfera e o cilindro, tal e como se pode apreciar nas lámpadas que deseñou para Kandem, onde conxugaba a mobilidade da pantalla e o brazo. Ao saír da Bauhaus traballou para Walter Gropius no seu taller e en 1930 converteuse na xefa de deseño de metal na fábrica Ruppel Metal Goods en Gotha. Anos máis tarde será profesora na Academia de Belas Artes de Dresde e na Academia das Artes Aplicadas de Berlín, xa nos anos cincuenta. O caso de Brandt é, talvez, o máis recoñecido e paradigmático, aínda que tamén destacaron outros nomes como a citada Grete Marks.

Porén, aínda tendo en conta casos como o de Marianne Brandt, a realidade é que, malia representar a metade do corpo estudantil da Bauhaus, ao terminar os cursos preliminares, as mulleres eran enviadas directamente ao taller de tecido, que se converteu nun lugar de exclusividade feminina. O propio Gropius cría que as mulleres unicamente eran adecuadas para o deseño bidimensional e estaba convencido de que eran incapaces de pensar en tres dimensións. A muller parecía estar aínda escravizada no traballo doméstico, pero aos poucos foi vencendo esas convencións e demostrando que podía ser eficaz en materias máis funcionais e industriais.

Temos como exemplo a Margarete Schütte-Lihotzky, que pasará á historia polo seu proxecto da denominada cociña de Frankfurt en 1927. Aínda que por suposto, esta arquitecta austríaca realiza outras achegas fundamentais, como o desenvolvemento de vivenda social na posguerra, centros públicos funcionais, así como a reconfiguración das cidades e infraestrutura pedagóxica. Margarete Lihotzky está considerada como a primeira arquitecta austríaca e, na súa coñecida cociña, buscou unha solución tendo en conta, principalmente, os conceptos de hixiene e ergonomía, estudando a relación entre tempo e movemento do traballo realizado nese espazo para optimizar as medidas das cociñas e reducir considerablemente a distancia entre as actividades para a preparación dos alimentos.

Aínda que se hai que recoñecerlle a súa condición de pioneira na arquitectura de interiores moderna a algunha muller, ese é o caso de Charlotte Perriand, arquitecta e deseñadora que ese mesmo ano presentou, con tan só 24 anos, o seu *Baixo o teito*, de aceiro cromado e aluminio no Salón de outono de París. Xusto despois incorporouse ao estudio de Pierre Jeanneret e Le Corbusier, desde onde comezou a desenvolver o deseño de mobiliario de uso doméstico

dentro dunha estética industrial, que se caracteriza polas súas formas orgánicas, singularidade que pode apreciarse nas lámpadas de calor que anos máis tarde deseñará para Philips, pero tamén no uso de materiais naturais que abrazara anos atrás, fortemente inspirados no deseño xaponés, o que facía que tivesen un rotundo aspecto elemental. Para Le Corbusier deseñará xa en 1928 tres das súas coñecidas cadeiras de brazos con base de aceiro tubular cromado: unha cadeira de brazos para conversación, o B301; unha cadeira de brazos para a relaxación, LC2 Gran Confort; e unha terceira cadeira de brazos para durmir, a Chaise Longue B306, reeditados desde 2004 por Cassina. Xa nos anos trinta colaborará con Fernand Lèger e máis tarde con Jean Prouvé e Pierre Jeanneret. Nos anos corenta, exercerá de asesora en deseño industrial para o goberno xaponés, para despois residir en Vietnam, experiencia que a levará a un refinamento «oriental» do seu traballo, aínda que non abandonará os valores analíticos do modernismo.

Tamén nos anos vinte despuntaba Lilly Reich, a outra grande impulsora do movemento moderno que estudará con Paul Behrens e pasará brevemente pola Bauhaus, destacando polos seus deseños de mobiliario e os seus tecidos, en definitiva, pola súa



Aino Aalto

Uso e prato da colección Böjzëblick, 1932. Littala. Col. Fundación DIDAC

capacidade innovadora no campo do interiorismo. Pero será sobre todo no universo das exposicións onde conseguirá conformar un legado singular, case sempre da man da súa parella profesional e sentimental Mies van der Rohe. Xunto a el deseñará exposicións como a «Sala de Vidro» —con mobiliario deseñado por eles mesmos— ou a do «Café de Veludo e Seda» na exposición de Moda da Muller en 1927 —para a que crearon espazos con grandes cortinas de seda e veludo que colgaban dunha serie de estruturas tubulares de

aceiro colocadas ortogonalmente—. A Lilly Reich atribúeselle a cadeira do Pavillón Alemán de Barcelona e a da casa Tugendhat, dúas das máis coñecidas da historia, grandes exemplos de deseño industrial pero tamén de artesanía, así como a coautoría do Pavillón Barcelona, aínda que unicamente se cite a Mies van der Rohe como autor.

De feito, non deixa de resultar curioso que estando Reich en Barcelona non fose á inauguración do pavillón. Do mesmo xeito que a arquitecta Denise Scott Brown, cando o seu socio e marido o

arquitecto Robert Venturi viaxou para recoller o prestixioso Premio Pritzker, ela non o acompañou. Naturalmente ese galardón debería ser tamén para ela porque durante 26 anos asinaron conxuntamente os seus edificios e eran as ideas de Scott Brown sobre a importancia do ordinario as que axudaron a armar algúns dos seus libros míticos como *Aprendiendo de Las Vegas*.

As mesmas cuestións que se expoñen con Lilly Reich e Mies van der Rohe, ou Robert Venturi e Denise Scott Brown poderíamos formulalas tamén sobre o traballo de Alvar Aalto e Aino Marsio Aalto, artifices claves da arquitectura escandinava. Pioneira no deseño de interiores e de mobiliario, Aino Marsio Aalto foi unha das primeiras arquitectas finlandesas, aínda que moitas das súas obras lle foron atribuídas en exclusiva ao seu marido, Alvar Aalto, quen tivo un maior recoñecemento histórico malia realizaren en moitos casos un mesmo traballo. Aino Aalto empregou a pequena escala de maneira efectiva, tanto en arquitectura, coas súas vivendas mínimas, como no deseño de cociñas ou en pequenas pezas de vidro para uso doméstico, como as que deseñou para a empresa finlandesa Iittala. Un exemplo paradigmático é a súa serie de cristal *Bölgeblick* (vista de ondas), deseñada en 1932 e merecedora da Medalla de Ouro

de Deseño da VI Trienal de Milán en 1936. Tamén o deseño do soado vaso *Saboy*, en coautoría con Alvar Aalto. Aino Marsio Aalto recreábase no detalle e nas texturas, sempre desde o funcional e racional, así como nun respecto polo material sen grandes alardes estéticos nin económicos. Os aros da citada serie son exemplo dese interese práctico, unha vez que servían para ocultar as irregularidades dun vidro barato prensado. O humano, o cotián e o íntimo dominan o deseño de todos os seus obxectos e arquitecturas, sempre a partir de ideais funcionais e utilitarios.

Outro nome imprescindible é o de Eileen Gray, deseñadora, arquitecta e artista que comezou a expoñer na década anterior e que nos anos vinte gañou a reputación de primeira creadora europea do século XX en adaptar as tradicionais técnicas asiáticas sobre o uso da laca no deseño, que combinaba con madeiras raras nunha especie de abstracción xeométrica con aire xaponés. Entre os seus deseños de mobiliario destaca a cadeira *Bibendum*, creada en 1926 para Galerie Jean Désert, que está inspirada na mascota que Michelin creou para promocionar os seus pneumáticos. Estaba composta por unha estrutura tubular de aceiro cromado, co asento e o respaldo tapizado de pel en cor branca.

Eva Zeisel



Pezas de vaixela para Thomas (mod. 911), ca. 1950. Col. Fundación DIDAC

No mundo da moda —ademais de Louise Chéruit, que foi unha das primeiras mulleres en controlar unha gran casa de moda francesa—, a figura que conseguiría cambiálo todo foi Gabrielle Chanel, coñecida artisticamente como Coco Chanel, que xa en 1915 conseguira un recoñecemento indiscutible, como se advirte na aseveración que en 1915 lanzaba a revista de moda *Harper's Bazaar* sobre os seus deseños: «A muller que non ten polo menos un Chanel está irremediabilmente fóra de moda». A racionalización e simplicidade estilística da vangardista Chanel, que adoitaba levar postas as súas propias

creacións ás carreiras de cabalos, con pantalóns de montar e camisetas que contrastaban coa elegancia dos vestidos da época, converteraa nunha das deseñadoras máis importantes da historia, tanto de alta costura, bolsos, chapeus, xoias e perfumes, como do coñecido Chanel Nº 5. Neste sentido, pódese dicir que Coco Chanel sentou as bases da moda moderna a partir dun cambio radical na aparencia da muller, con traxes de chaqueta e pantalóns masculinos ou xerseis de punto, que apostaron por unha maneira de vestir máis cómoda e libre.

Nos anos trinta mellorouse a condición profesional das

Charles e Ray Eames



Eames Elephant, 1945 (edición posterior producida por Uitra). Col. Fundación DIDAC

deseñadoras, sobre todo nos Estados Unidos, aínda cando os grandes consultores de deseño do momento foron homes como Raymond Lowry ou Walter Dorwin Teague. Pero é certo que mulleres como Anne Swaison, Bel Hogan ou Dorothy Draper conseguían sobresaír como en Europa o facía a citada Marianne Brandt ou Eva Zeisel, quen se describiu a si mesma como unha creadora de cousas útiles. Eva Zeisel foi un verso solto. De vida axitada —arrestada pola KGB ao ser acusada de conspirar contra Stalin e

posta en liberdade sen explicacións tras 16 meses no cárcere—, casou con Hans Zeisel e meses despois, ante o avance dos nazis, emigrará a Estados Unidos debido á súa orixe xudía. Alí definirá o seu estilo suave, de formas fluídas e amables, que contradicían as formas propugnadas na Bauhaus. Zeisel abandonara de maneira temperá Belas Artes para ser aprendiz de oleira e traballou como deseñadora para distintas fábricas en Hungría, o seu país de orixe, oficio que se advirte na súa forma de compoñer.

Durante o período de guerra e posguerra xurdiron parellas de deseño que axudaron ao recoñecemento profesional das mulleres deseñadoras. O caso máis paradigmático é o de Charles e Ray Eames en América; pero en Europa, os británicos Lucienne e Robin Day tamén foron moi representativos, aínda que neste caso traballaban separadamente. Xa nos cincuenta, en Escandinavia, Nanna e Jorgen Ditzel crearán interesantes mobles e xoias, e, en Italia, Luisa e Ico Parisi combinarán eficazmente os principios do modernismo coa expresividade italiana para crear pezas sedutoras e elegantemente funcionais, cunha mestura de rigor e extravagancia. Na Italia de entón emerxerán deseñadoras como Anna Castelli Ferrieri, Cini Boeri ou Gae Aulenti, pero destacará sobre todo Lella Vignelli, que casou con Massimo Vignelli e creou xunto a el a Oficina de Deseño e Arquitectura Lella e Massimo Vignelli en Milán, que se especializou en elegantes e equilibrados produtos para o fogar, mobles e accesorios para oficina e tiña como clientes a marcas como Olivetti ou Pirelli.

Pero, efectivamente, o caso de Charles e Ray Eames é o máis recoñecido internacionalmente, aínda que se relegase a Ray a unha posición máis secundaria. Se tratamos de contextualizar o seu

momento, habería que pensar como América quería construír e compartir un soño colectivo. O expresionismo abstracto tiña ese obxectivo e a icona de modernidade en deseño ben podería representarse cos mobles dos Eames. Charles e Ray Eames conformaron un tándem perfecto, seguramente porque a aproximación de Ray Eames á arquitectura foi desde a pintura. Iso explica moitas cousas e detalles presentes nos seus mobles. Tamén recibiu clases de danza, o que podería xustificar a maneira de deseñar o espazo interior da súa propia casa e a súa *functioning decoration*, os seus reflexos, os seus fragmentos, as súas cores e como estes conseguían que as formas se relacionasen entre elas e coa vida. Pedro Feduchi describe como os Eames tiveron a capacidade de tomarse o pracer en serio⁵. A clave é que Ray Eames entendeu unha das grandes leccións da modernidade: a comprensión de que a arte abstracta era espacial e que a riqueza se atopa no traballo coas tres dimensións⁶. Para Ray esta será a clave; sobre

⁵ Pedro Feduchi, *Charles y Ray Eames. El arquitecto y la pintora*, Fundación Arquia, Barcelona, 2016.

⁶ Marta Sánchez Llorens, Fermina Garrido López: *Ray Eames y Lina Bo Bardi. El viaje como laboratorio*, Ediciones asimétricas, Madrid, 2018.

Cipe Pineles



Revista Glamour, agosto de 1943, Condé Nast Publications. Col. Fundación DIDAC

todo para entender a importancia do espazo que se forma ao redor dos obxectos, coa luz, coa cor etc. A visión de Charles era máis seria, arquitectónica, pero Ray achegou espacialidade, confrontación e mestura entre a danza, a pintura, a arquitectura e o deseño. Ray tamén desenvolveu os moldes para curvar a madeira e, en certo xeito, humanizou a modernidade ao abrazar certa irracionalidade.

Un caso curioso e paradigmático do silencio histórico en relación coas mulleres no campo do deseño é o de Ilonka Karasz, quen conseguiu destacar no deseño de mobiliario, en campos como o metal ou a cerámica ou no deseño gráfico, o deseño de papel de parede e o téxtil, cun perfil polifacético que comprende cinco décadas de creatividade e, entre outras cousas, a realización de case dúscenas portadas para a revista *The New Yorker*. Karasz, que emigrou a Nova York coa súa irmá Mariska —que tamén deseñará téxtiles e centrarase no deseño de moda—, pronto comezou a traballar como creativa e a deseñar téxtiles, mobles de estilo moderno, así como pezas metalúrxicas en liña cos deseños da Bauhaus, aínda que non conseguirá ser tan recoñecida como as súas contemporáneas europeas. Algo parecido puido ocorrer con Belle Kogan, pioneira

na experimentación industrial con plástico e, seguramente, a primeira consultora profesional de deseño industrial en América, xa que abriu de maneira temperá a súa propia oficina de deseño.

Nos anos trinta e cincuenta poderíamos falar tamén dos deseños de interiores de Dorothy Draper ou do mobiliario de Florence Knoll Bassett, exemplos de mulleres que brillaron e impuxeron o seu talento nese exclusivo club masculino. Pero convén deterse tamén na comunicación visual e destacar o labor de Cipe Pineles, pioneira no campo das publicacións e revistas, se temos en conta que foi a primeira muller directora de arte nunha revista de información xeral estadounidense e a primeira en converterse en membro do Club de Directores de Arte de Nova York. Pero sobre todo habería que destacar a vitalidade gráfica e o enfoque experimental das súas composicións para *Glamour*, *Seventeen*, *Charm* ou *Mademoiselle*, revistas das que foi directora de arte. Antes, tivera como mentor a Mehemed Fehmy Agha, quen modernizou a revista *Vanity Fair*. O seu estilo fresco e enxeñoso revolucionou o carácter visual de publicacións destinadas a mulleres independentes e axudou considerablemente a cambiar o papel das mulleres na sociedade, o que a levará a traballar con algúns

dos mellores fotógrafos e artistas do momento, como André Kertész, Herbert Matter, Andy Warhol, Ad Reinhardt ou Ladislav Sutnar. Cipe Pineles rompeu varias veces o teito de cristal no campo do deseño, pero sobre todo é importante que o proxectou coas súas direccións de arte ás mulleres que lían as súas revistas.

Porque se algo contribuíu ao desenvolvemento exponencial da fotografía, xa nos anos vinte e trinta do século XX, foi a necesidade imperiosa de proxectar a vida contemporánea desde a publicidade e o deseño gráfico. Por suposto, esa achega foi recíproca, xa que o progreso técnico do fotográfico, así como a súa entrada paulatina nos distintos programas educativos do momento, non só permitiu substituír a preponderancia do pictorialismo polo que se coñeceu como «Nova Obxectividade», senón tamén a frutífera incorporación da muller ao oficio de fotografar, que en moitos casos sufría o rexeitamento das academias, o que impedía o seu acceso aos programas; foron institucións como o Instituto de Educación Fotográfica da Lette Verein a finais do século XIX ou o Instituto de Ensino da Fotografía de Múnic no albor do século XX as que abriron un camiño estreito que terá nos anos vinte os máis felices do seu desenvolvemento,

precisamente cando, por exemplo, desde 1921 o Gremio Profesional de Fotógrafos de Alemaña lle permitiu á muller poder ser un membro máis. Mesmo a Bauhaus reaccionou tarde neste sentido e non será ata 1929 cando proxecte un programa de estudos fotográficos dirixido por Walter Peterhans e que estaba unido aos cursos de publicidade e deseño. Por tanto, desenvolverase unicamente durante catro anos, pero será tempo suficiente para que mulleres como Grete Stern, Marianne Brandt, Elsa Franke, Irene Blühova ou Ellen Auerbach deixasen un legado interesante. Nese tempo, a escritora e fotógrafa checa Lucia Schulz —máis coñecida como Lucia Moholy tras casar en 1921 con László Moholy-Nagy— foi profesora doutra institución privada, a Reimann Schule, ao pouco de separarse do coñecido creador húngaro. A Lucia Moholy débeselle gran parte dos retratos das figuras da Bauhaus, case todos eles de primeirísimos planos de ángulos complexos, así como dos obxectos alí creados e outros aspectos da vida da escola en Weimar e en Dessau, cando se documentou, entre outras cousas, a súa construción. Grande amiga desta era Florence Henri, nacida en Nova York, aínda que de pai francés e nai polaca, que despois dunha temperá formación musical se centrou na pintura e chegou a estudar con Kurt

**UN ESPAZO
SIGNIFICATIVO FOI O
QUE SE CONSEGUIU
CONFORMAR NA
BAUHAUS, ONDE
RESCATARON E
TRABALLARON
A TRADICIÓN E O
RETORNO ÁS ORIXES.**

Schwitters en Berlín e con Fernand Léger en París, e quen máis tarde se sumou ao proxecto da Bauhaus en 1927 para estudar fotografía con László Moholy-Nagy. É entón cando, a pesar de que a súa traxectoria será breve, se converte nunha fotógrafa clave das vangardas e participa nalgunhas das exposicións pioneiras da nova fotografía e colabora con revistas como *Cercle et carré*, que fora fundada por Michel Seuphor e Joaquín Torres-García. Henri chegará a confesar que a pintura non a levaba xa a ningures e que en cambio tiña grandes ideas para desenvolver no campo fotográfico, aínda que despois da Segunda Guerra Mundial se dedicará definitivamente á pintura abstracta.

É evidente que as composicións fotográficas de Florence Henri se deseñan desde o imaxinario da pintura, nas que indaga no sentido do espazo a partir de efectos ópticos logrados mediante espellos ou a partir de dobres exposicións e onde coida especialmente os efectos da luz e os seus desdobrementos. Por suposto, entendemos que a base que cimentara o cubismo ao propoñer un novo enfoque da composición visual está presente no seu traballo, matices que puido aprender co seu mestre Léger, pero tamén a imposibilidade de medir as distancias que tan ben interpretou El Lissitzky nos seus espazos, que

Henri leva ao campo da fotografía. No traballo de Henri existe certa tensión intersticial, propia das miradas que buscan a marxe e os límites. A fotografía destilase como un lugar para redescubrir o que temos diante dos ollos, como décadas máis tarde ocorrerá cos *Cuadri specchianti* de Pistoletto ou cos *non-sites* de Robert Smithson. O traballo fotográfico de Florence Henri reflicte como poucos o espírito de época, desde o construtivismo dalgúns anuncios gráficos de Kurt Schwitters durante os anos vinte, ata pasar polo futurismo dinámico dos deseños de Fortunato Depero e o dadaísmo de Hannah Höch nas súas fotomontaxes, técnica que Henri cultivará coa mesma intensidade que a colaxe. Por suposto, tamén a maneira de traducir o espazo a través da luz que tan maxistralmente dominaba Moholy-Nagy. Malia que algunhas das súas fotografías de arquitectura conducen, con todo, á pintura metafísica de Giorgio de Chirico, coas súas sombras intensas e perspectivas inclinadas, unha maneira de convocar o misterio propia do surrealismo temperán. Por iso é polo que hoxe se poden comparar sen reserva os logros de Henri aos de Man Ray, aínda que ela foi habitualmente esquecida nos capítulos de fotografía e arte moderno dos libros de historia.

O cambio de paisaxe. Camiño da posmodernidade

É obvio que existen moitas historias da arte ou o deseño por construír, e non só nos referimos a unha historia feminista da arte e o deseño, aínda en construción, pero cada día máis activa. En 1983, o artista afroamericano David Hammons púxose a vender bólas de neve sobre unha manta de cores étnicas nunha rúa de Nova York. Con fina ironía, burlábase así do sistema comercial da arte e da súa fría historia occidental para desconxelar a mirada branca implícita de forma metafórica na orde minimalista das bólas.

Porque para a historia non foi o mesmo ser branco que negro. Tampouco, por suposto, ser home que muller. Esta é unha verdade irrefutable. En certo xeito, o desenvolvemento histórico-artístico de ambas as problemáticas —e de moitas outras que poderíamos traer a colación aquí— poden entenderse como contraculturas enfrontadas á hexemonía da historia da arte canónica.

Neste sentido, é de vital importancia que nos nosos rexistros da historia da creación contemporánea incluíamos cada vez máis propostas que contribúan a lograr unha maior espacialidade e elasticidade, abrazando por exemplo os movementos afroamericanos dos

sesenta que loitaban por integrar a experiencia afroamericana en campos como a literatura e a arte. Nesa liña de traballo hai exemplos de artistas significativas como Faith Ringgold ata os nosos días, marcado polo uso do cancelo #BlackLivesMatter nas redes sociais e que ten exemplos magníficos na pintura de Iris Kensmil —que poderíamos incluír no discurso do que Jordan Kandor deu en chamar «o efecto Tuymans»— ou dunha satírica Nina Chanel Abney. Tamén habería que remontarse ás décadas dos anos vinte e trinta do século pasado para advertir como esta loita xa estaba presente no que se deu a coñecer como Renacemento de Harlem, con autoras como Augusta Savage ou Lois Mailou Jones; ou como a principios dos oitenta tamén foi significativa a achega do BLK Art Group, con artistas como Sonia Boyce ou Maud Sulter, que buscaban o apoderamento da comunidade artística negra. Porque se algo botou en falta a historia da arte é unha variedade de estruturas na súa construción, xa que se trata dun enorme crebacabezas e non dunha secuencia máis ou menos cronolóxica a partir dunha sucesión de feitos incuestionables.

É evidente que os grandes logros da arte feminista comezan a darse a partir dos anos setenta, de forma paralela ao movemento



Bridget Riley
Untitled (Oval Image), 1964
MoMA

fundamentais para comprender a arte da segunda metade do século XX. Porén, será en 1971 cando Linda Nochlin formule o primeiro ensaio serio sobre a exclusión sistemática da muller no mundo da arte, co título *Why Have There Been No Great Women Artists?* En calquera caso, non resulta fácil falar da arte feminina como un todo compacto, nin en termos universais. De todo iso reflexiona Griselda Pollock en *Women, Art and Ideology: Questions for Feminist Art Historians*: «Algunhas historiadoras da arte feministas tratan as artistas como representantes do seu xénero: o seu traballo é visto coma se representase a ideoloxía visual de todo o seu sexo. Isto condena as mulleres efectivamente a unha categoría homoxénea, definida polo xénero, o cal é exactamente o mesmo que fai o estereotipo da historia da arte dominante. Este proceso borra a especificidade e a heteroxeneidade da produción artística das mulleres, que é modelada de forma variada e histórica por factores tales como

polos dereitos civís. É entón cando se producen as grandes preguntas do movemento feminista occidental e aparecen algúns dos mellores e máis fundamentados traballos teóricos sobre o feminismo e sobre a inserción da muller na historia da arte, na súa proxección simbólica. Xorden así importantes teóricas e artistas representativas que actualmente si se propoñen como

a clase, a raza, a nacionalidade, o período e o mecenas»⁷.

Se volvemos a vista atrás entenderemos que, da man de figuras do expresionismo abstracto como Pollock ou De Kooning, camiñaban con firmeza nos seus trazos Lee Krasner, Elaine de Kooning, Grace Hartigan ou Joan Mitchell. O mesmo sucede cos pintores do *Colour Field Painting*, como Clyfford Still ou Mark Rothko, xa que a cor cobra a mesma relevancia nas obras de Helen Frankenthaler ou Alma Thomas, quen non será coñecida pero que puido ser considerada como punto de partida para algunhas series de quen si o é, como Damien Hirst. Tamén poderíamos deternos na arte cinética de Gego e as súas estruturas xeométricas suspendidas; ou, posteriormente, de artistas como Liliane Lijn —que foi a primeira muller en traballar con texto cinético e en incorporar motores eléctricos—; ou unha máis recoñecida Rebecca Horn —escultora máis ligada á arte performativa e á súa extensión no cinematográfico—. Por suposto, pensamos niso que se chamou Op Art, unha arte baseada nos efectos ópticos con cadros que

⁷ Griselda Pollock, *Women, Art and Ideology: Questions For Feminist Art Historians*, The Feminist Press at the City University of New York, 1987.

semellan moverse, como os de Bridget Riley e Lydiá Okumura ou, máis recentemente, Tomma Abts.

Porque as mulleres xogaron un papel clave no campo da abstracción, pero na historia da paulatina ruptura do espazo pictórico adóitase comezar coa rebeldía de Caravaggio e óbvíase a Artemisia Gentileschi para continuar coa pintura de Rubens; aínda que ambos os casos poderían analizarse xa como expresión máxima das potencialidades do espazo pictórico. Unicamente quedaba exceder os límites dese espazo, algo que conduciu a un paulatino afastamento da representación da realidade para procurar os valores plásticos que nos aproximan ao mundo da abstracción. Desta forma, no século XX achegámonos ao concepto de «últimas pinturas» con autoras como Marcia Hafif e se pensamos no *Minimal Art* atopamos artistas como Jo Baer ou Agnes Martin que influirán no deseño e reflicten como o minimalismo modificará a experiencia perceptiva do espectador que xa non observa e si comparte. Nese contexto minimalista, que sempre se vincula co masculino, hai que destacar, ademais das citadas, algunhas artistas como Carmen Herrera ou Anne Truitt. Porén, se avanzamos ao que hoxe poderíamos enmarcar como posminimalismo atopamos

gran cantidade de deseñadoras e, por suposto, de artistas como Ruth Asawa, Mira Schendel, Eva Hesse, Roni Horn, Senga Nengudi, Carol Bove ou unha das artistas que mellor reflexionou sobre este movemento na pintura abstracta máis contemporánea, a galega Ángela de la Cruz.

O minimalismo resultou clave para a omnipresenza do deseño non só na arte, senón na vida cotiá. Só nos últimos anos se reivindicaron con forza os procesos artesanais e se deixou o minimalismo nun plano menos preponderante. Porque se atendemos a procesos e a derivas temáticas, advertimos como moitas creadoras reivindicaron a diferenza de xénero a partir do íntimo e do oficio, en moitos casos en relación co natural, como tratando de desvelar a esencia desa feminidade. Podemos ver un exemplo diso en que a finais dos sesenta e principios dos setenta existía unha necesidade de separarse das formas e conceptos máis fríos do masculino e patriarcal para volver a técnicas entón máis desvalorizadas dos oficios, así como a disciplinas de base decorativa, como con anterioridade realizaran, con especial exemplaridade, moitas das mulleres citadas que estaban vinculadas á Bauhaus. Entre as pioneiras dese rescate contemporáneo dos procesos tradicionais, Miriam Shapiro

interpretará a colaxe desde diferentes técnicas de coser —ela denominarao *femmage*—, unha maneira de facer que practicarán moitas artistas pioneiras como Annette Messenger, Françoise Grossen, Rosemarie Trockel, Rosemary Mayer, Magdalena Abakanowicz- Kosmowska, Sheila Hicks, Lenore Tawney, Pia Camil ou a xa citada Ghada Amer, quen é un exemplo paradigmático con imaxes de mulleres como obxectos sexuais feitas para o consumo masculino que son representadas nun medio tradicionalmente feminino, a costura, e evocan así o discurso feminista sobre a identidade sexual e o xénero. Pero poderíamos sumar máis nomes como Faith Ringgold, Sheila Hicks, Elisabeth Haar, Britta Marakatt-Labba ou Cecilia Vicuña, artista chilena pioneira en proxectar desde as súas obras a conciencia social en temas como o cambio climático e a importancia da cultura indíxena. En Galicia, o traballo en colaboración entre Luis Seoane e María Elena Montero resulta paradigmático dunha maneira de proceder que será recuperada na segunda década do século XXI. Luis Seoane deseñaba os cartóns para tapices desde Arxentina e estes eran realizados en Galicia, desde Sada, pola artesá María Elena Montero, que foi capaz de conseguir a riqueza cromática das



María Elena Montero tecendo un tapiz deseñado por Luis Seoane, 1978

reinterpreta a Última Cea desde o punto de vista das mulleres. Por suposto, poderíamos citar moitos máis

pinturas do artista. Foi esta unha colaboración verdadeiramente feminista e pioneira na relación entre arte, deseño e artesanía, un traballo de respecto e creatividade común, xa que Seoane insistiu en que a firma das obras fose conxunta, a ambos os dous lados do tapiz, algo absolutamente extraordinario para a época. Nestas obras recóllese a tradición do tapiz e a súa relación coa pintura de Seoane, así como a historia de Galicia, das súas lendas e batallas, desde o Románico ata a mitificación do presente das súas mariscadoras, augadoras, leiteiras, campesiñas, en definitiva, da muller como figura clave da memoria e da fortaleza de Galicia.

Outro exemplo significativo desta reivindicación do tradicional será o de Judy Chicago que empregará a cerámica como punto de partida da súa soada obra *The Dinner Party*, onde

exemplos como Milena Muzquiz, Ruth Asawa —que aplicou a técnica da cestaría— ou Betty Woodman, que traballa a medio camiño entre o bidimensional da pintura e o tridimensional da cerámica. Ou se nos imos ao campo do deseño, o exemplo dunha incombustible Lucie Rie.

No campo da arte será a finais dos anos sesenta cando a performance apareza con forza como unha das formas de creación máis interesantes, intensamente vinculada ao xurdimento da arte conceptual e a chamada arte de acción, que se moven moitas veces en paralelo á aparición da cámara de vídeo doméstico e á fotografía como medios de rexistro para estas accións. Nese tempo, a performance perfílase como aliada no desenvolvemento da incipiente arte feminista ou das reivindicacións das minorías étnicas



Barbara Stauffacher
Solomon
Intervención gráfica no
Sea Ranch Tennis Club, 1966

vinculada á experiencia do tempo e o espazo dunha serie de obras de carácter aparentemente escultórico pero que requirían do espectador a creación dun percorrido propio, unha experiencia íntima e sensorial, de carácter eminentemente performativo, con creacións que combinaban moitas veces son e acción.

Porque o performativo encóntrase no traballo de artistas que buscan o participativo, como Lygia Pape, Monica Bonvicini, Jessica Stockholder ou Dominique González-Foerster, á vez que en artistas que practican o videoarte ou a videoinstalación como Dara Birnbaum, Candice Breitz, Shirin Neshat, Mariko Mori, Yael Bartana, Pipilotti Rist, Jane e Louise Wilson, Susan Hiller ou Eija-Liisa Ahtila. Tamén entre quen centrou as súas obras no son, como Janet Cardiff ou Susan Philipsz.

nun momento de inicio dos estudos multiculturais. O corpo, o xénero, a raza ou a relixión convértense en temas centrais do traballo de numerosas artistas, á vez que xorden iniciativas como o movemento *Land Art*, onde se propoñía a irrupción da paisaxe como lugar para a experiencia, así como artistas que souberon unir a acción do camiñar coa arte asociada ao lugar. Ao mesmo tempo, xunto ao crecente auxe deste tipo de prácticas, o *Minimal Art* xurdía como unha arte

Unha primeira orixe de todo o anterior pode atoparse na obra de El Lissitzky e o seu *Espazo Proun*, onde se disemina a pintura e, ao mesmo tempo, a escultura. En Malévich aínda nos vemos dominados polo fetichismo do cadro. Pero na instalación de El Lissitzky vaise moito máis alá na súa fragmentación e «o environment de El Lissitzky provoca o paso das dúas dimensións da pintura ás tres do espazo real, máis a inclusión do tempo, é dicir, ao protagonismo do espectador deambulando pola peza»⁸. Establécense, sen dúbida ningunha, as bases do que Rosalind Krauss chamará o campo expandido, que chega a límites xamais sospeitados. Advertímolo ao observar o cruzamento de rúas de Chicago que Jessica Stockholder converteu na súa obra *Color Jam* en 2012, unha obra a medio camiño entre a pintura e o deseño. Porque como en moitos artistas contemporáneos, o traballo de Jessica Stockholder ten a súa base nun proceso continuo de toma de decisións e todo consiste en non

⁸ Francisco Javier San Martín: «Rotación, suspensión, explosión, impregnación. Algunas operaciones de ampliación del campo de la pintura en las vanguardias», *Afinidades electivas*, Centre d'Art la Panera, Lleida, 2008.

lle poñer límites á mirada, en ter a capacidade de expandila.

Hai anos tiven a oportunidade de ser comisario dunha exposición desta artista americana e escribín acerca de como nas súas obras todo se desborda, ata a propia marxe, e a realidade da pintura, así como a realidade pintada, encaixan con aquilo que Adorno sinalaba cando dicía que a máis esixente das artes tende a exceder a forma como totalidade e chega ao fragmentario⁹. As obras de Stockholder chaman á exploración, ao descubrimento e escrutan as posibilidades da cor e a súa capacidade para aprehender o espazo e reconfigurarlo. Todo deriva nun traballo no que calquera punto de vista é o adecuado, aínda que tamén insuficiente. É unha experiencia corporal e intelectual. As distancias entre obra e espectador poden chegar a desaparecer, en busca do secreto visual, que só atopamos ao rodear a obra, ao percorrela. Trátase de proxectar o espazo, de transformalo, e só ao camiñar se nos descobre a obra.

Se procuramos extrapolar todo isto aos presupostos do deseño, encontrámonos coa obra de Paula Scher e a fachada que deseñou para

⁹ David Barro, «Jessica Stockholder», *Jessica Stockholder*, Fundación Barrié, A Coruña, 2012.


o New Jersey Performing Arts Center, que é algo así como despregar un mapa, como deseñar unha dobre páxina dun libro. Penso nos carteis de palabras ou letras de Robert Massin ou en como Piet Zwart construía as páxinas con tipos de letra e, por suposto, na supergráfica de Barbara Stauffacher Solomon. Paula Scher é unha das figuras máis relevantes do deseño gráfico estadounidense das últimas catro décadas. Comezou a súa carreira na década de 1970 e na de 1980 a súa aproximación ecléctica á tipografía tivo moita influencia, para consagrar a mediados da década de 1990 a súa fama ao realizar a identidade de The Public Theater de Nova York, que estableceu unha simboloxía totalmente nova no ámbito das institucións culturais. Na procura de atraer un público máis novo ao teatro, inspirouse no estilo de grosos caracteres dos carteis estadounidenses do século XIX que estaban impresos con tipos de madeira para xerar relacións dinámicas entre os espazos e as palabras, así como nos carteis de propaganda construtivista dos anos vinte e trinta, para os que recorreu á fotomontaxe e asumiu as tendencias musicais e escénicas do momento, á vez que proxectaba os valores da performatividade no deseño.

Será El Lissitzky, por tanto, quen dea orixe a unha idea de montaxe

de exposición e á concepción dunha pintura radical. A operación de El Lissitzky non me parece moi afastada da actitude que tomaron todos aqueles deseñadores que decidiron saltar a ditadura da retícula ou simplemente que buscaron un deseño máis libre e dinámico. O espazo consolídase, por tanto, como nexo global de todas as artes, tanto se se trata do espazo natural, como dunha cidade ou dun libro. Referímonos, en moitos casos, a obras efémeras, preparadas *ad hoc* para o lugar do encargo e que permanecerán no tempo máis como memoria que como produto físico. Intervencións gráficas de Paula Scher —no New Jersey Performing Arts Center, na Achievement First Endeavor Middle School, o aparcadoiro das rúas 13-17 de Manhattan ou os seus artísticos mapas para a Universidade de Abu Dhabi— son bo exemplo diso e dos numerosos deseños a grande escala, campo no que as marxes entre o deseño e a arte contemporánea se achegan ou fusionan directamente. Neste sentido, resulta curioso como utiliza a anamorfose no deseño da supergráfica para as oficinas do Grey Group.

Outro exemplo pioneiro no deseño e execución do que coñecemos como supergráfica —tamén coñecida como Environmental Graphics— é o da

Paula Scher



Dog Opera, 1995. Cartel para The New York Public Theater. Colección Fundación DIDAC



Paula Scher
Intervención gráfica no
Achievement First Endeavor
Middle School, 2010
Pentagram, Nova York

deseñadora Barbara Stauffacher Solomon, unha pintora que estudou deseño gráfico en Basilea cos grandes do deseño como Armin Hofmann e que conseguiu implementar como ninguén unha serie de formas elementais e vibrantes cores por todo o espazo arquitectónico. Poderíamos pensar en Frank Stella ou en Sol Lewitt, pero o interesante de Barbara Stauffacher Solomon é como procede desde a óptica dun deseñador —traballando non só o xeométrico, senón os números e a tipografía— e non tanto desde a visión do artista. O seu traballo máis coñecido é a supergráfica que realiza para Sea Ranch —un bloque de apartamentos en California— a mediados dos sesenta, unha obra pioneira que activará a intervención do deseño no espazo público e proxectará a proliferación da aplicación da supergráfica para exteriores e interiores de tendas, empresas ou

fábricas. Outro traballo digno de destacar é a intervención que realiza na fachada de Kaiser Channel 44 KBHK TV Studio en 1965.


Non deixa de resultar curioso que a orixe da palabra supergráfica se acuñe aínda neses anos, concretamente nunha serie de artigos que C. Ray Smith recompilará unha década máis tarde no seu libro *Supermannerism: New attitudes in post-modern architecture* (1977). Entendo que a acción non deixe de funcionar como unha especie de manierismo posmoderno, pero tamén que as súas orixes poderíamos atopalas na citada pintura expandida —que nace como tal tamén durante eses anos, aínda que tras unha longa viaxe de acomodación no espazo— ou en técnicas barrocas como o enganaollos ou as fachadas con función ornamental; sirva de exemplo a escenográfica Casa do Cabido de Santiago de Compostela, realizada para desafogo e fermosura da praza de Praterías compostelá.

No noso presente, as mulleres cobraron unha maior influencia e obrigan a reescribir a historia en todos os campos creativos para construír novas liñas de tempo e relacións entre obras, movementos e décadas. Expertos actuais como Joi Ito, director do MIT Media Lab, consideran que non debemos explorar de forma illada disciplinas como a arte, a enxeñaría, o deseño ou a ciencia e avogan non tanto pola interdisciplinariedade, senón como pola antidisciplinariedade. Ito refírese á capacidade de traballar en espazos que non encaixan en ningunha das disciplinas académicas e acolle a interconexión como motor para a innovación e a transformación, pero tamén entende que todos os detalles son imprescindibles, como cando nos anos cincuenta Marie Neurath se dedica a producir libros infantís na procura do esencial despois de traballar con equipos de investigadores, escritores e ilustradores que dirixen todas as etapas do proceso para lograr unha precisión científica. Ese exercicio de síntese será clave nos anos setenta para o boom dos sistemas de identificación das grandes compañías ou de grandes eventos, como os Xogos Olímpicos.

Co obxectivo de mellorar a comunicación pedagóxica na Europa de entreguerras naceu unha maneira de ordenar a

información a partir de signos visuais ou pictogramas estatísticos que permitían vencer as limitacións da linguaxe verbal. Este proxecto dos anos vinte coñeceu de maneira temperá como «o método vienés», pero pronto se denominará *Isotype* (International System of Typographic Picture Education). O seu creador foi o sociólogo Otto Neurath e ao equipo sumouse en 1928 o xilógrafo Gerd Arntz e eles dous foron as cabezas máis visibles, pero en todo isto foi fundamental a achega da científica e matemática Marie Reidemeister (máis tarde coñecida como Marie Neurath), que encabezaba un equipo capaz de transformar en diagramas os datos verbais para traballar en colaboración con artistas gráficos a súa execución final. Marie Neurath producirá máis de oitenta libros infantís dunha calidade asombrosa, onde a cor se emprega para engadir significado e claridade, nunca como decoración. Aprender o esencial, saber utilizar a comparación, dirixir a atención e auscultar o sentido de todos os detalles da imaxe eran claves imprescindibles para ela, que conseguía resolver ao traballar con equipos pluridisciplinarios. Un exemplo é a serie de libros que realiza a principios dos anos cincuenta en coautoría con Joseph Lauwerys, que tiñan como obxectivo introducir a ciencia de maneira

Marie Neurath



creativa para alumnos e profesores. Neles relaciónanse os procesos científicos coas experiencias cotiás como arar a terra, cortar unha árbore ou traballar na mina. Un exemplo deles é *The first great inventions* (Max Parrish & Co. Limited, 1951), no que se pregunta o que é o que inventaron os homes antes dos avións, dos barcos de vapor e dos trens para comezar coas seguintes frases: «Cando pensamos en inventores, xeralmente imaxinamos científicos traballando con tubos de ensaio e microscopios, ou enxeñeiros a traballar en talleres modernos e brillantes. Pero algúns dos inventos que aínda usamos hoxe foron creados por habitantes de covas que viviron antes de que comezase a historia».

Por suposto, non foi a única muller pouco recoñecida. No deseño gráfico temos tamén a Elaine Lustig Cohen, apaixonada da pintura e a colaxe que se converterá en figura clave do deseño gráfico dos anos cincuenta e sesenta, sobre todo polas portadas de libros que realizou para editoriais como Meridian Books e The New Directions. Tras casar con Alvin Lustig en 1950, continuará co traballo do seu estudio despois da morte deste en 1957, mediante a integración da estética do modernismo europeo coa linguaxe visual norteamericana. Arthur Cohen, editor e gran amigo de Alvin

Lustig, convidouna a que continuase a deseñar a nova liña de libros de peto en Meridian Books, para quen chegou a deseñar máis dun centenar de portadas. Elaine Lustig Cohen tamén deseñou catálogos de importantes artistas como Robert Rauschenberg, Yves Klein ou Jasper Johns e traballou con arquitectos como Eero Saarinen ou Richard Meier na gráfica dos seus edificios. Porén, non hai rastro dela en moitos libros da historia do deseño.

Tampouco Lora Lamm, que estudou con Johannes Itten e Ernst Keller, é recoñecida na súa xusta medida. Recomendada por Max Huber comezará a traballar para A Rinascente, con carteis que combinaban a ilustración e unha tipografía rechamante. Máis tarde será asesora da compañía e realizará ao tempo deseños para outras marcas como Pirelli ou Cynar.

Persoalmente, encontro especialmente ambicioso o deseño do sistema de sinalización das autoestradas británicas iniciado en 1957 e desenvolvido durante unha década por Margaret Calvert e Jock Kinneir, un sistema elegante que combinaba maiúsculas e minúsculas para crear un novo tipo de letra, a Transport, unha *sans serif* suave e con curvas. Utilizaron letras brancas sobre fondo azul en autoestradas, letras brancas e números amarelos sobre fondo verde para as estradas



Margaret Calvert
e Jock Kinnear
Sistema de sinalización de
estradas do Reino Unido,
1957-1963

e deixaron as letras en negro sobre fondo branco para os roteiros secundarios. Tamén incorporaron pictogramas que foron realizados na súa maioría por Calvert. Todo un sistema coherente que os levará a realizar outros traballos en aeroportos, metros e ferrocarrís, pero que tamén será inspiración de moitos dos sistemas de autoestradas e estradas empregados ata hoxe en día.

Como en case todas as maneiras de construír a historia da arte ou do deseño, a muller non se tivo en conta á hora de historiar a evolución da tipografía, aínda cando a súa presenza, tamén neste caso, resulta moi importante. Un deses casos é o da alemá de orixe xudía Elizabeth Friedlander, que traballou como deseñadora da revista *Die Dame* e deseñou a principios dos anos trinta a tipografía Elizabeth, malia que será coñecida por deseñar os *Friedlander Borders* para Monotype, que se farán moi coñecidos ao ser utilizados por Jan Tschichold para as súas portadas. Outro caso é o de

Jane Bissell Grabhorn, que fundou co seu marido e co seu cuñado a Grabhorn Press e creou dúas imprentas propias, a Jumbo e a Colt Press. Aínda que quizais a máis coñecida sexa a polifacética Gudrun Zapf von Hesse, que compaxinaba os labores de artista, deseñadora, encadernadora ou calígrafa e que realizará numerosos tipos como a Diotima Roman a finais dos corenta ou xa na segunda metade do século a Ariadna, a Smaragd ou a Shakespeare Roman. Raquel Pelta destaca a importancia que na primeira metade de século XX terán teóricas da tipografía como Beatrice Warde ou historiadoras como Nicolette Gray, aínda que non será ata o final da centuria cando comece a haber un maior número de mulleres tipógrafas¹⁰. É aí onde nomes como Kris Holmes, Rosemary Sassoon,

¹⁰ Raquel Pelta, «Mujeres y tipografía: un lugar en la historia», www.monografica.org, outubro de 2012.

Rosemarie Tissi




ou máis posteriormente, Carol Twombly, Laurie Szujewska, Ryoko Nishizuka, Verena Gerlach, Clotilde Olyff, Laura Meseguer ou Zuzana Licko destacan ao acreditar o papel significativo que tivo a muller no deseño de tipos ao longo da historia e que, reiteradamente, se lle negou. Outra magnífica deseñadora gráfica que valorou a tipografía e espremeu as súas posibilidades en moitos dos seus carteis foi Rosmarie Tissi, que tras estudar na escola de deseño de Zürich abrirá o seu propio estudio con Siegfried Odermatt en 1968. Aos poucos corromperá o Estilo Tipográfico Internacional ao desenvolver formas máis caóticas e desaliñadas e ao traballar a cor e a tipografía dun modo máis arriscado e próximo ao amencer posmoderno e comezará unha ruptura coas tradicións que asentara o deseño suízo.

Empeza así unha aventura tipográfica que finalmente derivará no uso e abuso das novas técnicas dixitais e abrirá novas posibilidades formais. Zuzanna Licko será anos máis tarde unha pioneira no uso dos computadores aplicados ao deseño, aínda que non se limitou ao deseño de tipografías para computadores, senón que ideou a maneira de compartir o que creaba con outros deseñadores que as utilizaban. A súa principal forza será a exploración

e o desafío ao convencional, como cando recuperou tipografías clásicas e as adaptou ás novas tecnoloxías, o que renovou o seu deseño. Ela e seu compañeiro Rudy Vanderlans crearon a revista *Emigre*, onde saen dos límites, das regras arraigadas e establecen novos estándares que permanecen vivos no presente.

Anos antes, a academia de arte Cranbrook apoiou como ningunha outra escola de arte a chegada dun tipo de tipografía *new wave*, acollendo o deseño posmoderno de maneira decisiva. A clave foi que en 1971 se uniron ao seu equipo Katherine McCoy, para dirixir o programa de deseño gráfico, e o seu marido Michael, que liderou o programa de deseño industrial. Katherine impulsou a experimentación e a liberdade á hora de adherirse ás normas visuais, o que demandaba o autodesenvolvemento do alumno nos seus proxectos. Esta actitude innovadora, que contaba co apoio de profesores convidados da altura de Wolfgang Weingart e estaba influída conceptualmente polas ideas de Venturi e Scott Brown, tivo grandes resultados polo éxito profesional de moitos dos seus graduados, independentemente do controvertido da súa formulación. Katherine McCoy traballará con outra grande do deseño, Muriel Cooper, que foi a primeira directora



de deseño do Instituto Tecnolóxico de Massachusetts (MIT), e que exerceu unha grande influencia nos seus alumnos. Entre outras cousas, será cofundadora do MIT Media Lab e dirixirá a oficina de publicacións (MIT Press), desde onde promoverá a publicación de numerosos libros co estilo da Bauhaus ata abrazar a chegada do posmodernismo ao deseñar a primeira edición do paradigmático *Learning from Las Vegas* en 1972. Desde entón situarase á vangarda do deseño de interfaces de software e promoverá o seu desenvolvemento á fronte do Taller de Linguaxe Visible do MIT.

Outra pioneira á hora de utilizar o Macintosh e conseguir ampliar

Zuzana Licko e Rudy Vanderlans
Emigre N.º 10, Cranbrook,
1988

os límites do deseño burlando o escepticismo tecnolóxico da gran maioría do momento foi April Greiman, a quen habería que enmarcar tamén entre os herdeiros do desafío á cuadrícula que propoñía Wolfgang Weingart anos atrás e que será continuado por ela, Dan Friedman ou Willi Kunz que negaron a noción de estilo, malia ser etiquetados dentro do que se coñece como tipografía *new wave*. Todo iso inclúese no auxe da actitude libertaria proposta polo posmodernismo, que comezará a impoñerse, á vez que rexeita o dogma dos estilos modernos. É un momento de ruptura de convencións, onde as tipografías mesturan tamaños e pesos e en moitos casos flotan na superficie, como advertimos en deseños paradigmáticos como o cartel da exposición *The Modern Poster* de April Greiman para o MoMA de Nova York. Son os deseños de Greiman os que supoñen un punto de inflexión, xa que obedecen a unha nova concepción do espazo, no que se


procura unha nova dimensión de profundidade a partir de liñas en diagonal que inverten a perspectiva ao modo de El Lissitzky. En moitos deles, as formas retroceden no espazo e móvense cara a adiante e cara a atrás, o que xera un espazo dinámico ata entón inédito.

Os anos da revolución informática ofreceron, sen dúbida ningunha, novos campos para o deseño e é posible que o labor de Apple embace ou torne en aparencia obsoletos os recursos, identidades e sistemas de identificación visual inmediatamente anteriores de empresas como Braun, Olivetti ou IBM, pero nada máis lonxe da realidade. De feito, se Apple bebe dalgunha fonte esa é a do labor previo de IBM —líder do sector ata os anos oitenta—, que na década dos setenta desenvolvera o primeiro computador persoal PC. En 1984 chegará o Macintosh de Apple, coa enxeñosa novidade dun rato capaz de reproducir os movementos da man na pantalla e só un ano máis tarde Susan Kare recibe o encargo de Steve Jobs de deseñar as iconas e as fontes tipográficas do novo sistema operativo dos computadores Macintosh. A partir de metáforas en moitos casos elementais —como papeleiras, caixas, cartafoles, reloxos etc.— Kare configurará estas instrucións gráficas. O recurso do infantil é evidente se pensamos

na característica luva de Mickey Mouse ou na bomba a piques de estoupar, que remite ao universo Disney. Dous anos despois, Susan Kare terá a posibilidade de deseñar novos repertorios, curiosamente para Windows, de Microsoft, a competencia de Apple. Neste caso, engádelles cor ás iconas e a sensación é completamente diferente, co que se consegue unha tridimensionalidade ata entón inédita.

O certo é que partir dos anos sesenta a muller gañará presenza e visibilidade no campo do deseño, ao igual que sucederá tamén no mundo da arte. Nada mellor que a minisaia, que foi creada nesa década pola deseñadora británica Mary Quant, para reflectir o novo mundo da muller e das súas liberdades, nun momento onde se debaten temas como o aborto e a pílula e no que se aumentaban as probabilidades de desenvolvemento profesional de moitas mulleres, que acceden aos principais cursos universitarios de arquitectura ou deseño. As revistas especializadas do momento —*Domus*, *Graphis*, *Casabella*, *Mobilia*...— mostraban, cada vez máis, o traballo das mulleres que, en moitos casos, contrastaba coa seriedade imperante, como facían os deseños de moda informal das británicas Mary Quant e Margaret Howell, os da italiana Rosita Missoni ou da finlandesa Vuokko

Zuzanna Licko



Vivienne Westwood



Zapato Anglomania para Melissa, 2008. Col. Fundación DIDAC

Eskolin-Nurmesniemi. Máis tarde chegará Katharine Hamnett ou a xaponesa Rei Kawakubo. Tamén a sofisticación de Miuccia Prada. Pero se debemos deternos en alguén é en Vivienne Westwood, que cos seus deseños extravagantes anuncia desde o mundo da moda a chegada da posmodernidade. Xa que de Vivienne Westwood poderíase dicir que é a autora da radicalidade na moda contemporánea que marca tendencia no *punk* e no *new wave*. A súa roupa deconstruída e farrapenta chegou a vestir grupos míticos como os Sex Pistols, en momentos nos que atopaba parte da súa inspiración no fetichismo, mediante o uso de cremalleiras, chatolas, imperdibles etc., para levar hoxe esa extravagancia e anarquía como elementos ou ingredientes fundamentais á hora de deseñar roupa, con materiais como a goma, o coiro ou o charón. Westwood nunca casou cun estilo fixo e co tempo foise refinando, aínda que exemplos como os zapatos *Anglomania*, que deseñará para Melissa xa entrado o século XXI, evidencian que o seu traballo continúa a ser unha expresión de resistencia ao usual, que estende o sentido desa posmodernidade.

Nos sesenta reivíndicase o feminismo e en 1970 tivo lugar a primeira Conferencia Nacional de Liberación da Muller no Ruskin

College de Oxford, que reuniu mulleres de toda Gran Bretaña. Todo iso espallouse en moitos outros países. Para a muller é un momento de revolución sexual, situación que se mostraba en revistas como *Cosmopolitan*, que desde 1965 estaba baixo a dirección de Helen Gurley Brown, quen reinventou a revista para adaptala a unha muller solteira e moderna, capaz de controlar o seu propio destino. A esta habería que sumar outras publicacións como *Sexual Politics* de Kate Millet ou, xa a mediados dos setenta, *Superwoman* de Shirley Conran. Todas elas, como a pioneira obra *The Second Sex* de Simone de Beauvoir, deixaban ver que había unha vida máis aló da familia nuclear e o patriarcado.

Todo iso enmárcase moi ben no contexto da posmodernidade. No que se refire a ruptura de ideais estéticos, explícao ben Robert Venturi, quen en 1966, no seu libro *Complejidad y contradicción en la arquitectura*, xa aposta por unha arquitectura equívoca e contradictoria, complexa e incerta. «Os arquitectos non se poden permitir ser intimidados pola linguaxe puritana moral da arquitectura moderna. Prefiro os híbridos aos puros, os comprometidos aos limpos, os distorsos aos rectos, os ambiguos aos articulados, os terxiversados que á vez son impersonais, aos aburridos que á vez



Zaha Hadid
Centro Heydar Aliyev en
Bakú, Acerbaixán, 2007
Foto: Iwan Baan

a imprevisibilidade
das formas como
alternativa ao
urbanismo uniforme e

á lexibilidade do produto.

Porque a posmodernidade é un punto de excepción. Unha cultura descentrada, como afirmar á Lipovetsky. A posmodernidade asume a contradición como nunca, xa que conxuga o retro co renovador e o sofisticado co espontáneo. É un tempo e filosofía onde o pracer xa non é culpable. Todo pode estar de moda e ser lixeiro sen perder un ápice do seu valor. O que importa é a sedución, abonda con mirar todas as opcións de culto ao corpo que se impondrán entón. Todo é fugaz, pero sobre todo divertido, seguindo a máxima de Venturi, «menos é aburrido». É así como emerxe un grupo como Memphis. Antes, a sociedade Archizoom Associati e o grupo Alchimia abriron camiño, xa que ambos os grupos evolucionaron en paralelo, compartindo algúns dos seus integrantes e, por suposto, a ideoloxía do momento.

Alchimia naceu coa vontade de sacar os obxectos cotiáns do anonimato. En 1980 mostraron os seus obxectos experimentais na Bienal de Venecia baixo o título «O obxecto banal». O espontáneo e un colorido sentido do humor caracterizaban os seus deseños eclécticos, que rompían radicalmente coa uniformidade do movemento moderno. Ao grupo pertencían Ettore Sottsass, Alessandro Mendini, Michele de Lucchi ou Andrea Branzi que, capitaneados por Sottsass, conformarán tamén o Grupo Memphis, cunha primeira colección titulada *The New International Style*, en clara referencia á súa ruptura respecto do denominado concepto do bo deseño para convocar con humor unha expansión cromática e vital, de formas irregulares e cargadas de decoración. Xa en 1979 Mendini presentara unha butaca neobarroca con tapizado futurista, pero será Sottsass quen destaca como o creador máis representativo do momento e do movemento e ademais dos citados reunirá coñecidos nomes como Hans Hollein, Javier Mariscal ou Michael Graves. Aínda que, como sempre, esquecémonos de que unha das súas fundadoras se chamaba Nathalie du Pasquaer —quen tras disolverse o grupo se entregará

en exclusiva á tarefa de artista— e que outra muller importante para o grupo foi Martine Bedine —quen traballou no estudo de Sottsass e que imaxinou Super, unha lámpada que acabará sendo un dos deseños máis recoñecibles de Memphis— e que a súa principal historiadora e portavoz foi Barbara Radice, que estivo casada co propio Sottsass.

Margaret Thatcher —que se converteu na primeira muller en acceder ao máis alto da política británica como primeira ministra en 1979 e que será quen máis tempo permaneza nese cargo, xa que estará toda a década dos oitenta— será coñecida como a Dama de Ferro e anuncia tamén coa súa determinación un novo espazo posible para as mulleres no poder político mundial. Thatcher, sen ser feminista, mostrou coa súa forte personalidade a capacidade de liderado como muller. No campo do deseño, Elizabeth Wetzel converteuse na primeira xefa de vehículos de General Motors en 1983. E en arquitectura, pronto comezará a destacarse a que será un fenómeno mundial ao crear espazos transformadores capaces de desafiar a contorna circundante coas súas arquitecturas deconstrutivistas, a arquitecta anglo-iraquí Zaha Hadid. Dela será aplaudida a súa maneira de deseñar a arquitectura con xeometrías fragmentadas

son interesantes, os convencionais aos deseñados, os integradores aos excluíntes, os redundantes aos sinxelos, as reminiscencias que á súa vez son innovadoras, os irregulares e equívocos aos directos e claros. Defendo a vitalidade confusa fronte a unidade transparente. Acepto a falta de lóxica e proclamo a dualidade [...]. Máis non é menos»¹¹. Un interesante exemplo da súa arquitectura é a Lieb House, na que comparte a autoría coa súa esposa Denise Scott Brown, con quen traballará desde entón en proxectos arquitectónicos e publicará tamén libros como o paradigmático e xa citado *Aprendiendo de Las Vegas: el simbolismo olvidado de la forma arquitectónica*, no que defenden

¹¹ Robert Venturi, *Complejidad y contradicción en la arquitectura*, Editorial Gustavo Gili, Barcelona, 2008.

e as súas formas con diferentes perspectivas, estruturas case imposibles, que evocan cidades utópicas. Esta maneira de deseñar viuse influenciada polo holandés Rem Koolhaas e Elia Zenghelis, que foron profesores seus. Hadid non só se limitou ao deseño de edificios senón tamén ao de interiores, mobiliario e produtos de consumo. O seu labor foi merecedor de premios como o Mies van der Rohe (2003) e o Premio Pritzker (2004); foi a primeira muller da historia en conseguir este prestixioso galardón.

Por suposto, o caso de Zaha Hadid non é o da primeira arquitecta de éxito. Outros como o de Alison Smithson ou Lina Bo Bardi —ademais doutras arquitectas xa citadas— son merecedores de calquera recoñecemento e homenaxe. Lina Bo Bardi é tamén paradigmática para entender que o valor do obxecto non radica na súa produción senón no que ese obxecto consegue transmitir. Para Lina Bo Bardi a artesanía era a expresión dun tempo e dunha sociedade e é algo que conseguiu levar ao seu deseño de mobiliario. Tratábase de humanizar, como cando en 1947 chega a instalar as pinturas en tubos verticais de aluminio que se prolongaban do chan ao teito no MASP (Museu de Arte de São Paulo), antes da construción do novo edificio do que se encargará a propia Bo Bardi.

O Museo pretendía ser dinámico, novo, monumental e, ao tempo, popular. Para este, anos máis tarde, deseñará unha disposición (*display*) non xerárquica, onde as pinturas puidesen funcionar e ser vistas como obras en si mesmas, e de acordo coa súa idea de tempo non lineal e dunha arte sen adxectivos, suspenderá as pinturas en cabaletes de vidro que se mantiveron no MASP durante 30 anos. As pinturas, coma se fosen esculturas ou persoas nunha praza chea de xente, tórnanse así nun fenómeno no espazo e libéranse da parede, de forma que a arquitectura desaparece por completo.

En calquera caso, para chegar a ese apoderamento paulatino da muller como creadora recoñecida no século XXI, resulta importante comprender o labor de moitas outras deseñadoras que destacaron na segunda metade do século XX. É o caso de Estelle Laverne —que xunto con Erwine Laverne realizou un traballo orixinal e experimental tanto no formal como no tecnolóxico con mobles, papeis de parede e téxtiles—, a romanese Maria Pergay —que foi capaz de suavizar e poetizar a autoridade do aceiro inoxidable para conseguir xestualidades brillantes en todo tipo de mobles—, a sueca Vivianna Torun Bülow-Hübe —a quen se lle deben algunhas das iconas máis representativas do deseño escandinavo moderno, como

o seu reloxo *Vivianna Bangle* (1962) ou o broche *Mobius* (1968), ambos para Georg Jensen—, a finlandesa Nanny Still —que levou ao vidro o refinamento gráfico característico do deseño finlandés, mediante un xogo de gamas cromáticas delicadas en distintas series de vasos para a casa Riihimäen Lasi—, a danesa Grete Jalk —que foi editora da revista *Mobilia* e demostrou unha especial habilidade para moldear as formas dos seus mobles—, ou as italianas Anna Castelli Ferrieri —redactora xefa de *Casabella* e máis tarde cofundadora de Kartell, para a que tamén realizará deseños emblemáticos— e Gae Aulenti —arquitecta que destacou no deseño industrial e de interiores, que traballou para marcas como Zanotta, Kartell ou espazos como o Musée d'Orsay en París—. Por suposto, poderíamos estendernos con máis nomes como Grethe Meyer ou Nanna Ditzel ou casos máis singulares como o de Nanda Vigo ou Cini Boeri. A primeira foi parella do singular artista Piero Manzoni e chegou a colaborar con Gio Ponti e Lucio Fontana, formando parte do grupo Zero. Como deseñadora, creou pezas icónicas como a lámpada *Golden Gate* (1970) ou as orixinais butacas *Due Più* (1971), que parecen saídas dun tren de lavado, sempre tratando de borrar os límites entre a arte e o deseño, tamén nos

seus detalles arquitectónicos e instalacións efémeras. Ao mesmo tempo, Cini Boeri, que tamén comezou no estudo de Gio Ponti, caracterizarase polas súas solucións innovadoras e o equilibrio entre o ríxido e o orgánico na produción de mobles ou vivendas unifamiliares.

Por último, volvendo ao deseño téxtil, destaca o nome da pintora e deseñadora Maija Isola, que foi unha das creadoras dos téxtiles máis icónicos do século XX. Mentres traballaba na compañía téxtil Printex, deseñou para decoración algunhas pezas inspiradas na arte africana mesturadas con motivos populares eslovacos. Tamén é posible recoñecela polas súas formas xeométricas, cos seus icónicos debuxos de óvalos concéntricos de diferentes cores inspiradas na forma dun melón cortado, tal e como se pode ver nos seus deseños téxtiles, como o *Isot Kivet*, que parte desa concepción abstracta. Os seus patróns engloban tanto o minimalismo xeométrico como unha expansión cromática. Ao tempo, Astrid Sampe achegou unha nova vitalidade ao deseño téxtil e un novo sentido de profesionalidade, que axudou a demostrar que os límites entre a arte, a artesanía e a produción non teñen por que interferir na creatividade, a visión e a dedicación. Sampe foi unha deseñadora innovadora de téxtiles


modernos de produción industrial, que conservou e ampliou ao mesmo tempo as tradicións do deseño téxtil nórdico con motivos de inspiración popular, como podemos ver no deseño da *Persson's Spice Rack*, peza inspirada nos frascos de especias da deseñadora Signe Persson-Melins. Con todo, o seu estilo a miúdo inspirábase en Mondrian —coa produción de varios deseños para roupa de fogar a partir dos seus referentes xeométricos— e, a medida que avanzaba profesionalmente, en patróns baseados en datos ou xerados por computador. No mundo téxtil tamén habería que destacar a Marianne Straub nos cincuenta e sesenta, a Laura Ashley e ao conxunto formado por Susan Collier e Sarah Campbell nos setenta ou a Lucienne Day xa nos oitenta, entre outras.

Resulta evidente, por tanto, que a importancia da muller no deseño do século XX foi máis fundamental do que se proxecta nos libros da historia do deseño. Por suposto, o noso relato podería ser maior, e falar de como Louise Fili —que comezou a súa carreira como deseñadora independente en proxectos de libros especiais en Alfred A. Knopf e como deseñadora sénior de Herb Lubalin, a mediados dos setenta— revolucionou a cara da edición cando se uniu a Random House como directora de arte en Pantheon Books e potenciou

tratamentos tipográficos únicos para as súas portadas. O mesmo poderíamos dicir de Carin Goldberg, que tamén explorará os alfabetos históricos e o vocabulario decorativo.

En compañía do seu colega Carin Goldber, Fili explorou os alfabetos históricos e vocabularios decorativos e integrou estes elementos cun sentido moderno de cor e composición. Outras mulleres deseñadoras que axudaron a reformular o libro de arte son Laurie Haycock Makela, Bethany Johns, Susan Sellars ou a mexicana Rebeca Méndez, que combina sutilmente a tipografía e a fotografía espremendo as posibilidades da produción dixital.

Tamén no campo da edición de revistas, as mulleres tiveron a oportunidade de mostrar importantes logros e, ademais de no citado labor de Cipe Pineles como directora de arte de coñecidas publicacións, poderíamos deternos en nomes como Grace Mirabella — *Mirabella*—, Tina Brown — *Vanity Fair*, *The New Yorker*— e Anna Wintour — *Vogue*— ou en xefas de deseño como Bea Feitler —que foi directora de *Harper's Bazaar*, *Ms.* e *Rolling Stone* nas décadas dos sesenta e setenta— ou Rhonda Rubenstein —directora de arte de *Esquire*—. Ou, se entramos no deseño de logotipos, basta pensar en Carolyn Davidson, que de forma temperá deseñou o logotipo de Nike —en 1971— cando aínda era unha



estudiante e a marca de zapatillas non era o xigante que logrará ser despois.

Son décadas onde se revolucionan os sistemas de información, campo no que destacou Deborah Sussman —fundadora da firma Sussman/Prejza xunto con Paul Prejza, en 1980— que creou programas de sinalización urbana para varias cidades en California así como a imaxe de corporacións como Apple Computer, a sinalización de Disney World en Orlando ou o programa de deseño ambiental do verán dos Xogos Olímpicos en Los Ángeles. Tamén o deseño para o cinema, onde destacou Elaine Bass, esposa

Maija Isola
Kaivo, 1964
Marimekko

do coñecido Saul Bass, co que deseñou os créditos iniciais para a película *Cape Fear* (1991) ou *Casino* (1995) de Martin Scorsese, unha secuencia narrativa das máis interesantes da historia do cinema.

Todas estas deseñadoras son pioneiras dun posicionamento feminista ante o deseño e a vida en xeral dominada por un mercado sentido patriarcal. En calquera caso, poucas utilizaron a palabra «feminista» nos seus traballos. Pero o posicionamento feminista, máis alá do activismo radical que tivo a súa importancia e sentido ao longo do século XX, resulta imprescindible nun século XXI que debería sumar en lugar de dividir. Por suposto, houbo deseñadoras que si o reivindicaron dunha maneira máis explícita, desde Barbara Kruger a Sheila Levrant de Bretteville, a quen se lle debe o redeseño de *Los Angeles Times* nos anos oitenta e un novo enfoque aberto que buscaba a complicidade dun público que debe completar o sentido da comunicación en liña cunha actitude xa do século XXI.

Un novo amencer. Os procesos creativos e o deseño como actitude no novo milenio

No século XXI a presenza da muller no mundo do deseño cambiou de forma radical. Cada vez máis, as deseñadoras ocupan o papel que se lles negou en séculos anteriores, xa sexa na visibilidade dos seus deseños ou no seu posicionamento na toma de decisións de empresas importantes. É o caso de Carlotta de Bevilacqua en Artemide ou Patricia Urquiola en Cassina, onde se encargan da dirección creativa. Tamén Hella Jongerius se ocupou da dirección artística de cores e materiais de Vitra, desde onde reflexionou sobre a relevancia das cores e as superficies no deseño contemporáneo. Para Jongerius a cor é arte e ciencia, é un material, pero con múltiples estratos. A ela débese a biblioteca de cores de Vitra e o seu libro *No tengo un color favorito* é unha especie de rebelión contra as cores planas da industria. Precursora do cruzamento entre o artesanal e os procesos industriais, desde os seus inicios preocupouse pola escala humana do que nos rodea, así como pola luz como elemento modulador. Por iso permaneceu preto do mundo da artesanía, pola súa capacidade de ser un lugar para a experimentación e, nese sentido, resulta curioso

descubrir que de pequena quería ser *hippy*. Hoxe é un exemplo de como o deseño máis interesante é o que se consegue a partir dos métodos máis intuitivos. Máis tarde é cando chega a cabeza e as súas singulares estratexias á hora de deseñar. Jongerius traballa por tenteo e non se basea tanto en procurar formas novas senón como en asumir a capacidade de cada material. Un dos seus deseños máis rechamantes é o da cadeira de brazos *Polder* (2005), para a que se inspira nas paisaxes da súa Holanda natal. Trátase dun sofá plano e moi ancho, como os pólderes; por iso é polo que as súas distintas cores recordan as do campo, para cada unha das estacións. Jongerius interésase máis polo descubrimento accidental que polo produto máis acabado, aínda que sempre demostra un gran dominio das formas, do uso da cor e da combinación de materiais. Como exemplo recente podemos destacar a cadeira *East River*, producida para Vitra en 2014, onde combina madeira, metal, coiro e tecido e tempera as cores con especial coidado. A cadeira inspírase no traballo realizado entre Vitra e Jongerius un ano antes, cando colaboraron no deseño dunha cadeira destinada á sala norte de delegados da sede das Nacións Unidas en Nova York.

Tanto Hella Jongerius, como Patricia Urquiola ou Carlotta de



Hella Jongerius traballando con Edith van Berkel e Arian Brækveld no deseño da cabina do World Business Class para KLM Royal Dutch Airlines, no JongeriusLab de Berlín
Foto: Marcus Gaab / KLM / JongeriusLab


Bevilacqua compaxinan as súas respectivas responsabilidades empresariais coa realización dos seus propios proxectos de mobiliario, cada vez máis preocupadas no relativo ao ambiente e ao respecto pola cultura de orixe dos materiais, sen perder sofisticación nin carácter emocional. Investigación científica e cultura humanística únense nos seus proxectos, que responden a necesidades cotiás. Por unha banda, a luz é a base do traballo de Carlotta de Bevilacqua, que procura o perceptivo e indaga no psicolóxico nuns produtos que se caracterizan polo uso mínimo de materiais e unha contención do consumo durante o seu uso. Tamén Patricia Urquiola se preocupa polo emocional, sobre todo atende ao uso da cor. As súas formas son xestuais, algo que se advirte nos seus traballos máis orgánicos. Pero, sobre todo, habería que destacar que, aínda que os seus

deseños abrazan o interdisciplinario e o uso de tecnoloxías avanzadas, é o seu interese pola cultura artesanal o que converte os seus traballos en atractivos e confortables.

Xa que ante tanto estalido posmoderno nos medios, moitos deseñadores e deseñadoras actuais reaxustaron a súa maneira de mirar e volveron a unha actitude primeira, unha actitude contemplativa. Tamén moitos artistas que destacan pola súa capacidade de levantar a cabeza e mirar comezaron a traballar a partir de procesos artesanais.

Esa é, seguramente, a capacidade máis efectiva para encarar as complexidades do século XXI. É algo que John Berger destila como ninguén nos seus textos. Nalgúns deles fálanos desa experiencia en Giacometti ou Millet. Deste último destaca como conseguía pintar experiencias como a sega ou o fertilizado dos campos.

Patricia Urquiola



Autores como Berger e arquitectos como Zumthor aproxímanse a creadores a quen lles inflúe a vida cotiá e os obxectos sen *pedigree* aparente. Pensemos nos Eames, nos irmáns Bouroullec, Konstantin Grcic, Patricia Urquiola, Hella Jongerius ou Nipa Doshi, deseñadora india que introduce a experiencia artesanal nun deseño que poderíamos cualificar como «poliético». Son só algúns exemplos, distintos pero coincidentes nunha especial intensidade. Porque se algo diferencia os creadores é a maneira de mirar.

Trátase de reinventar o cotián, algo aplicable a Jasper Morrison ou Patricia Urquiola, quen agarrou as súas cadeiras e de aí naceron os pufs recheos e brandos que denominará *Fat*. Son deseñadores que reivindicaron a normalidade. É algo que tamén reivindicaron Max Bill ou Bruno Munari. Non se trata tanto de crear como de mellorar cada obxecto a partir do respecto e o recordo e de convocar o instinto. Un exemplo é o sofá *Bend* que Patricia Urquiola deseñou para B&B Italia, onde renova con elegancia o clásico sofá de gran respaldo e amplos asentos confortables para outorgarlle un carácter máis contemporáneo xa que, ademais, admite varias combinacións. O mesmo sucede co estante *Kite* que realiza para Kartell, un sistema

de varias composicións de parede que se poden personalizar e onde cada unidade contén unha reixa de cor que enriquece a superficie do plástico transparente cun patrón de liñas internas e externas.

Tamén Cecilie Manz amplía o entendemento da función e a estética do deseño e desafia os conceptos establecidos no deseño industrial. O seu traballo, que comprende xoias, lámpadas, esculturas e mobles, como a súa mesa *Mikado*, combina o modernismo escandinavo e a funcionalidade, como se reflicte no deseño da xerra de auga *Minima*, producida por Holmegaard.

Outras deseñadoras de mobiliario e de produto fundamentais para entender o deseño do século XXI son Kim Colin, Ineke Hans, Louise Campbell, Ingered Raman, Inga Sempé, Nika Zupanc, Evelyn Bracklow, o colectivo Front, as máis artísticas Matali Crasset e Lonneke Gordijn, Marre Moerel ou a española Inma Bermúdez.

En relación co deseño gráfico, en España destacarán nomes como Pilar Villuendas, Pati Núñez ou Marisa Gallén desde finais do século XX. Aínda que se algo sufriu unha revolución nos anos oitenta e noventa foi o deseño editorial, realizado por mulleres como Muriel Cooper ou Zuzana Licko. O deseño gráfico e editorial entra no século

XXI da man de deseñadoras como Bethany Johns, Lorraine Wild, Laurie Haycock Makela, Susan Sellers ou Rebeca Méndez, que lles abren camiño ás portuguesas Barbara Says ou Ines Nepomuceno; as españolas Laura Meseguer, Astrid Stavro, Ana Mirats, Ena Cardenal de la Nuez, Rebeka Arce ou, máis recentemente, Silvia Fernández Palomar; as italianas Cristina Chiappini, Teresa Sdravlevich ou Astrid Stavro — esta última reside en España—; a holandesas Vanessa van Dam, Julia Born ou Harmine Louwé de Office for Editorial Design; as polacas Karolina Biskup ou Marlena Buczek Smith, as británicas Anoushka Khandwala ou Sara De Bondt; as francesas Michelle Gubser ou Malika Favre; a alemá Andrea Tinnes; a libanesa Lara Captan; a canadense Marian Bantjes; as estadounidenses Jennifer Sonderby ou Jessica Hische, a máis coñecida Sheila Levrant de Bretteville ou Hamda Al Naimi que traballa entre Dubai e San Francisco. Por suposto, son moitos máis os nomes que poderíamos citar aquí, pero serán sobre todo os de Sonya Dyakova, Irma Boom ou Jessica Walsh os máis coñecidos.

Por unha banda, Sonya Dyakova traballou con Alan Fletcher en Phaidon Press e foi a responsable do deseño dos libros desta prestixiosa editorial moi vencellada ao ámbito da arte contemporánea, o deseño

ou a arquitectura. Responsable do redeseño da revista *Frieze*, foi tamén directora creativa da prestixiosa galería Hauser & Wirth. Por outra banda, Irma Boom apaixonouse nos seus comezos polo deseño de libros tras unha primeira inclinación pola pintura. O seu enfoque experimental produciu notables resultados que conseguiron ampliar os límites do deseño gráfico e que lle valeron numerosos recoñecementos. Esta atrevida visión dos proxectos desafiou a convención dos libros tradicionais tanto nas súas formas visuais como no contido impreso. Como deseñadora gráfica, tipógrafa e ilustradora Irma Boom é especialista na confección de libros a base de materiais, formatos ou deseños pouco usuais, configura os libros como unha paisaxe e procura crear unha experiencia táctil e sensorial ao deseñalos, que busca a *fisicalidade* do propio obxecto: cubertas en relevo, páxinas irregulares etc., que acaban por se converter nunha forma arquitectónica ou nun obxecto, como advertimos en *26 Kunstenars/ 21 locaties*. O obxectivo durante o seu proceso creativo é inspirar o descubrimento e a interacción. Por último, Jessica Walsh converteuse nunha das deseñadoras e creativas máis influentes e atrevidas no ámbito internacional. Walsh, tras terminar os seus estudos de Belas Artes,

Sonya Dyakova

Creamier

- CONTEMPORARY ART IN CULTURE -

10 Curators / 100 Contemporary Artists / 10 Sources

10 international curators select 100 emerging artists

CURATED BY: Elena Filipović, Douglas Fogle, Yukie Kamiya, Inés Katzenstein, Chus Martínez, Kitty Scott, Debra Singer, Adam Szymczyk, Catherine Wood, Tirdad Zolghadr

THE LATEST VOLUME IN PHAIDON'S CREAM SERIES

Creamier is an essential resource for anyone interested in new developments in contemporary art. Following the success of *cream* (1998), *Fresh Cream* (2000), *Cream 3* (2003) and *For Cream* (2007), this exhibition-in-a-book is vital both for those in the art world and for those who are new to the subject.

Ten international curators have been asked to select the ten emerging artists who, they believe, will change the future of contemporary art. Each artist's work is extensively illustrated over several pages, and the curator who selected them explains why this work has made a particularly important contribution to the art world. A biography and bibliography for each artist provide further factual support.



Malvin Mool: *Danaak of the Dead*, 2009. Painting, 600-word text, 91 x 71 cm



Alexandra Bachert: *Dream Season*, 2008. Performance, 60 min



PHAIDON

Each curator has selected and written a short text about a key creative work, whether a novel, a film, an artwork, an essay or an artist's studio. These are included in the 'Sources' section.

The ten curators have also taken part in a lively roundtable conversation, discussing current issues in contemporary art and sharing the process and motivations behind their selection of ten emerging artists.

Creamier: Contemporary Art in Culture: 10 Curators, 100 Contemporary Artists, 10 Sources, Phaidon, 2013. Col. Fundación DIDAC



Jessica Walsh
Dirección artística da
Campaña para Aizone,
Sagmeister & Walsh, 2016
Foto: Sing-Sing (Adi Goodrich,
Sean Pecknold)

realizou prácticas en Pentagram Nova York e en 2010 comezou a traballar con Stefan Sagmeister, con quen fundou o estudo Sagmeister & Walsh, un dos máis radicais e experimentais ata hoxe.

Por suposto, poderíamos expandirnos para tratar o campo do deseño máis ligado á arquitectura —no que destacan Elizabeth Diller, Amanda Levete ou a xa citada Zaha Hadid— ou ao mundo da moda —con Miuccia Prada, Margaret Howell, Amaya Arzuaga, Stella McCartney, Rei Kawakubo ou Katharine Hamnett de principais expoñentes—, pero se algo caracteriza o deseño no século XXI é que ten cada vez máis capacidade expansiva con deseñadoras que exploran o dixital dunha maneira experimental como Livia Flores, Kelly Walters ou a tipógrafa iraniana Pouneh Mirloou e, sobre todo, a capacidade para ser a arteria fundamental de conexión entre as diferentes áreas de coñecemento que, máis

que nunca, han volver conectarse e relacionarse compasadas como o fixeron no pasado. Os procesos creativos e o deseño actitudinal abren unha nova espacialidade nestes campos do coñecemento e para valorar a súa forza é necesario analizar e potenciar a súa capacidade de impacto desde o maior número de perspectivas posibles. Neste sentido, canto máis ecléctica sexa a práctica do deseño e canto maior sexa a posibilidade da arte de cuestionar o que nos rodea, maior será o potencial de ambos como axentes claves para os cambios sociais, políticos, culturais e ambientais, científicos, empresariais etc.

É na sofisticación desas potenciais alianzas, que fan uso dunha visión elástica do deseño, onde non só atoparemos respostas máis rápidas e contrastadas, senón preguntas importantes na súa capacidade de anticipación a eses problemas. Se a principios dos

oitenta Douglas Crimp escribía sobre a necesidade de derrubar os muros dos museos para lle dar paso á vida e crebar o sentido de mausoleo e o seu sentido de confinamento comparable á idea dos cárceres en Foucault, hoxe resulta vital comprender a necesidade de superar os muros disciplinarios para deseñar verdadeiras alternativas innovadoras, pero sobre todo flexibles e adaptables, desde o respecto ao acadado e ao coñecemento previo, para actuar non só ante o ditado do novo, senón desde unha sorte de ecoloxía material capaz de naturalizar a innovación cultural, social e económica.

Non deixa de resultar curioso que fosen as mulleres as que máis prosperaron en innovadoras áreas do deseño, onde non hai ninguén —homes— que lles impida o paso. Alice Rawsthorn sinala varias: Bianca Elzenbaumer de Brave New Alps, as médicas paquistanís Sara Khurram e Iffat Zafar de Sehat Kahani e Emily Pilloton son pioneiras en novas ramas do deseño social xunto con Hilary Cottam. Christien Meindertsma e Julia Lohmann están na vangarda das novidades en deseño conceptual, mentres que Bilikiss Adebisi-Abiola e Poonam Bir Kasturi desenvolveron influentes proxectos de deseño sostible para mellorar a xestión de residuos en Nixeria e a India, respectivamente.

Así mesmo, o deseño de xénero non binario é outro campo dinámico no que Gabriel A. Maher e outras persoas están a experimentar con novas metodoloxías¹².

Unha das ecuacións por resolver é a relación complexa entre arte, ciencia e deseño. Se partimos da máxima de que o deseño ten como principal característica a súa capacidade para atopar solucións a problemas complexos, a súa relación coa arte e os seus procesos deberían ser máis próximos que ata o de agora, xa que o deseño arriquece coa esixencia procesual da arte e a súa capacidade para cuestionar o mundo. Por suposto, ambos precisan da ciencia, da tecnoloxía ou dos negocios para poder cambiar o mundo, pero unicamente se se procuran as sinerxías entre disciplinas e se forza a colaboración e as influencias mutuas se poderá avanzar.

O deseño ten que emanciparse da súa propia ortodoxia e flexibilizar os seus paradigmas e quen mellor o conseguiron foron algunhas mulleres. Deseñadoras e artistas son axentes capaces de detectar as fisuras do sistema e proxectar novos valores e sentidos, pero para iso teñen que actuar como vasos comunicantes.

¹² Alice Rawsthorn entrevistada por Carolina Grau, *DARDO* magazine n.º 33, Santiago de Compostela, 2018.

Porque a velocidade das innovacións é maior que a nosa capacidade de adaptación a elas, algo que se pode extrapolar á evolución da ciencia e que precisa conectar o coñecemento para chegar á sofisticación desa conxugación¹³.

Abonda con botar a vista atrás para advertir que a unión entre arte e ciencia foi moito máis estreita que hoxe en día. Poderíamos trazar un percorrido moi ilustrativo, desde Leonardo da Vinci ata Neri Oxman, cadea que se perdeu desde finais do século XIX, cando a especialización abriu camiño en todos os ámbitos do desenvolvemento cultural e xerou distancias disciplinares.

Todo iso encaixaría co que Alice Rawsthorn define como «deseño actitudinal». Pioneira na crítica do deseño, no seu libro *Design as an Attitude* axuda a entender con exemplos históricos e actuais como o deseño actuou e como está a responder nunha era de intensa inestabilidade económica, política e ecolóxica con enxeño e creatividade. Como sinala Rawsthorn, «nunha época tan sumamente turbulenta e perigosa na que nos enfrontamos a cambios tumultuosos en

¹³ Rubén Ramos Balsa entrevistado por David Barro en *Futuros Posibles. Deseño para a innovación na era pos-COVID*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2020.

tantas fronteiras, necesitamos desesperadamente aproveitar o máximo potencial do deseño, non como unha panacea para os nosos problemas, senón como unha ferramenta poderosa para axudarnos a forxar un futuro mellor»¹⁴. Nestes anos circulares, onde todo ocorre demasiado rápido, o deseño debe axudarnos a comprender o noso lugar na historia e xerar posibilidades desde a creatividade para combater o incerto. Efectivamente, o noso presente é ese futuro distópico e por isto é máis urxente e necesario que nunca loitar polo futuro que queremos co mesmo bo criterio que guiou a Charles e Ray Eames a deseñar en 1943 unha férula para a US Navy que permitiu salvar miles de pernas mentres outros deseñadores se concentraron en crear armas para matar.

Un exemplo histórico significativo diso que Rawsthorn chama «deseño actitudinal» é a obra da británica Florence Nightingale, unha reformista do sistema sanitario do século XIX. Ela nunca se definiu como deseñadora, pero como activista sanitaria aplicou de forma intuitiva os principios do deseño con éxito ao deseñar un proxecto de

¹⁴ Alice Rawsthorn entrevistada por Carolina Grau en *DARDOmagazine* n.º 33, Santiago de Compostela, 2018.



Neri Oxman
Vista da instalación
Material Ecology no
Museum of Modern Art
de Nova York, 2020

Foto: Denis Doerly / MoMA

Porque en moitos momentos se confundiron tecnoloxía con innovación, ou con progreso, e por suposto a tecnoloxía é un elemento

hospitais seguros e eficientes despois de quedar escandalizada ao descubrir que morrían máis pacientes por coller infeccións nos hospitais de campaña británicos da Guerra de Crimea que por feridas de guerra propiamente ditas. Así se converteu en deseñadora de información ao xerar gráficos circulares que ilustraban o seu proxecto e con eles convenceu o goberno.

Decía Albert Einstein que a creatividade é máis importante que o coñecemento. Tamén o é unha actitude responsable. Seguramente por iso o deseño e a arte son ferramentas fundamentais que deberían liderar a innovación.

indispensable, pero como tamén o é o emocional, o psicolóxico e unha profunda apreensión dos valores socioculturais do momento.

Esta é a razón pola que unha das tendencias recentes máis consolidadas en deseño e en arte é o retorno ao «aprender facendo», a ese rigor artesán que nos lembra que ao futuro non se chega antes só cun forte investimento económico en tecnoloxía. Fronte á «tecnoloxización» do mundo, o deseño ten que ser crítico con ela como fortalecedor das súas virtudes, para actuar como moderador, como contrapeso, como filtro. O deseño para a innovación debe mediar entre o humano e o tecnolóxico,

e tornar máis amable e empática a nosa relación co futuro, máis ergonómica, máis líquida e, sobre todo, máis intelixente á hora de enlazar o científico e o humanístico habitualmente separados cando as súas funcións converxen nunha común: conseguir adiviñar e construír un futuro mellor.

Esa capacidade de negociación do deseño advírtese en propostas innovadoras como as da deseñadora e arquitecta israelí Neri Oxman, que traballa no campo do deseño ambiental con formas e propiedades que son determinadas polos seus propios contextos. Oxman acuñou a frase «ecoloxía material» para definir o seu traballo. Pero o seu recoñecemento mundial non sería posible sen a tendencia que existe hoxe a estudar a natureza desde o deseño, para analizar os nosos impactos e orientar o noso mercado en liña coa economía circular. Que plataformas como Netflix lles dedicasen grandes capítulos da súa serie *Abstract* a deseñadoras como Nery Oxman ou artistas como Olafur Eliasson non sería posible se os artistas e deseñadores nos últimos

tempos non se profesionalizasen como creadores de solucións transversais de problemas. Porque o deseño non é só unha ferramenta para o cambio, senón que ten como tarefa fundamental axudar as persoas para lidar co cambio.

Anab Jain, deseñadora que poderíamos definir como arqueóloga do futuro, pregúntase que debemos facer para prosperar en lugar de unicamente sobrevivir no mundo e algún dos seus proxectos están pensados para o ano 2050, mediante a transformación dos residuos de hoxe na cea do mañá. Trátase de recuperar o futuro, a saúde, o benestar. Trátase de adiantarse aos procesos convencionais de innovación desde o desexable, de esquivar o distópico e activar comportamentos capaces de xerar un impacto positivo fronte a un presente hostil. Trátase de deseñar o cambio desde a responsabilidade co natural e coa nosa propia historia, de redeseñar o deseño como práctica capaz de conectar o onte, o hoxe e todos os futuros posibles, como os da propia historia da arte e o deseño.

O posicionamento feminista, máis alá do activismo radical que tivo a súa importancia e sentido ao longo do século XX, resulta imprescindible nun século XXI que debería sumar en lugar de dividir.

O caso galego

Se resulta difícil rescatar unha historia da arte e do deseño universal desde a perspectiva da muller creadora ou creativa, todo iso resulta aínda máis difícil se tratamos de circunscribir esa procura a un lugar pequeno como Galicia. Indagar con profundidade nesta realidade é unha tarefa pendente, máxime se atendemos a algúns libros ou textos sobre deseño galego onde é posible atoparse con que non se cita ningunha muller deseñadora.

Se pensamos en pioneiras o nome de Lolita Díaz Baliño considérase fundamental e merece ser máis destacada cando se fala do deseño na Galicia Moderna. Impulsada polo seu irmán maior, Camilo Díaz Baliño, realizará unha importante obra no campo do deseño, aínda que pouco coñecida, se a comparamos coas súas pinturas. Lolita Díaz Baliño foi a primeira muller membro do a Real Academia Galega de Belas Artes, con Carmen Corredoyra. Estivo afiliada ás Irmandades da Fala e foi profesora de Artes e Oficios na Coruña, onde instruíu numerosos artistas. Antes de dedicarse á pintura probou coa fotografía e a mediados dos anos vinte comezará a colaborar cos seus debuxos na revista *Mariñana* e máis tarde farao na bonaerense *Céltiga*, onde inicia tamén nese tempo un camiño no cartelismo.

É seguramente no deseño de moda onde máis deseñadoras destacaron e amosaron os seus traballos nun escaparate nacional e internacional. En xeral, o deseño en Galicia aséntase xa historicamente na industria téxtil, que foi das primeiras en mecanizarse. É esta quen coa construción mecánica ou a siderurxia domina a primeira industrialización a finais do XVIII. Non debería estrañar que a manufactura do liño se vise beneficiada polo clima húmido de Galicia. Raras eran as casas galegas que non tiñan teares ou outros instrumentos para ese fin. No Museo do Pobo Galego consérvanse exemplos de artefactos como os restrelos ou as cardas —utilizados para separar o liño da estopa—, as rocas, o fuso ou a espadela— para traballar a la ou o liño—, debandoiras —para debandar nobelos— ou curiosos teares tradicionais da época. Neste sentido, tamén a concesión dos correos marítimos na Coruña en 1764 resultará fundamental. As súas naves encheranse de teas de liño. Pero a realidade é que non será Galicia quen exercerá de punta de lanza, senón Cataluña malia o seu clima seco, pero con capacidade para adquirir liño en cru de países como Alemaña ou Francia para logo pintar en Barcelona. Porque será a estampaxe, o acabado, a fase do téxtil capaz de incorporar

Carmen Arias



Uaixela infantil para Sarçadelos, ca. 1968. Col. Fundación DIDAC

maior valor engadido e a industria téxtil en Galicia irá minimizando a súa presenza na economía galega durante todo o século XIX. Será necesario esperar moitos anos para que o liño volva ter ese protagonismo coa achega histórica de Adolfo Domínguez, cando a orde posmoderna convertía o corpo nunha especie de relixión e o deseño cobra unha relevancia inédita. Nese clima de perfección aparece a mensaxe «a engurra é bela», o que parecía contradicir esa unánime batalla contra o tempo. Unha disonancia que non é tal se pensamos en como Adolfo Domínguez tamén proxecta os valores de superficie, neste caso do tecido, na dobrez, na caída, na textura. A engurra do liño confire

nobreza, en liña con esa demanda selecta que tiña séculos atrás. Pero o deseño estratéxico dese *slogan* tan ben traído será a clave, unha mensaxe ideada por Luís Carballo, que será unha figura clave no deseño, a cultura e a moda galega, sobre todo por como elaborou coa súa muller Julia Taboada a efectiva estratexia «Galicia Moda», que reunía importantes firmas e desde onde elaboraron un plan estratéxico de comunicación con publicación periódica propia —a revista *Galicia Moda*—, coa organización de desfiles —a pasarela Luada conducirá a moda galega a París e Barcelona— e a posta en marcha de diversas campañas de publicidade. O incremento de facturación do sector será sorprendente e moitas



María Barros
Colección Brancusi, 2013

vertente audiovisual. Pero será na moda onde se consolide un sector forte e duradeiro, capaz de aproveitar os recursos de Galicia e a súa identidade e, sobre todo, de saber como comunicarse. Todo iso favorecerá a chegada doutras empresas destacadas lideradas ou colideradas por mulleres ata hoxe, como Purificación García, Kina Fernández, Pili Carrera, Alba Conde, Bimba & Lola —Uxía e María Domínguez— ou D-Due —con Charo Froján—, Knitbrary —Yolanda Estévez— ou Masscob —Marga Massanet—; así como deseñadoras como María Barros, Elena Rial ou algunhas procedentes de Belas Artes como Sara Coleman, Eva Soto ou Amai Rodríguez, entre outras.

Aínda que se falamos de téxtil non podemos deixar de deternos nunha experiencia singular. A finais dos anos setenta, Luis Seoane e María Elena Montero crearán conxuntamente unha serie de tapices practicamente inéditos desde a súa presentación pública hai máis de 40 anos. A Fundación DIDAC recuperou no ano 2019 eses tapices e expúxoos xunto con algúns dos cartóns

orixinais deseñados por Luis Seoane. Os tapices, realizados por María Elena Montero en Sada, son fieis á riqueza cromática das pinturas de Seoane. Foi esta unha colaboración verdadeira, de respecto e creatividade común. Seguramente por iso, Seoane insistiu en que a firma fose conxunta, a ambos os dous lados do tapiz. Ambos viaxaban xuntos a Astorga en procura das las, para posteriormente realizar unhas guías de cores Pantone que lles servían de guía cromática. El levaba un deles para Argentina e ela quedaba co outro en Sada. Desde o exilio Seoane deseñaba os cartóns e colocaba o número da cor correspondente a cada parte. Despois, enviaba os cartóns a Galicia e María Elena Montero realizábaos no seu taller. Nestes tapices están as nosas lendas, a historia de Galicia e os seus mitos. Orixinalidade e tradición.

Coa democracia o deseño desátase como principal instrumento para a renovación social e cultural. Administracións públicas, entidades financeiras, partidos políticos, empresas, xornais e revistas etc., moldean a súa imaxe pública dunha maneira decidida. Galicia, máis lenta nalgunha destas renovacións, incorpórase a esa vaga sobre todo nos anos oitenta, e obtén apoio do traballo do goberno autonómico e grazas ao labor dalgunhas entidades públicas e privadas convencidas desa

necesidade de renovación. Unha das vías da renovación do deseño foi a industria editorial. É un momento no que se comezan a producir catálogos de arte, modernas revistas e moitas portadas para editoriais. Figuras como Luis Seoane e Isaac Díaz Pardo serán os que sinalen o camiño para a profesionalización que deberá emprender o deseño en Galicia nos anos setenta con figuras como Xosé Díaz, Pepe Barro, Eloy Lozano, Alberte Permuy, Xosé María Torné, Xosé Salgado ou Manuel Janeiro, case todos eles formados en escolas fóra de Galicia. Este último incidirá en como nos setenta aparecen en Galicia os primeiros deseñadores con conciencia de selo, «especialistas relacionados coa produción de mensaxes visuais, que, baixo a denominación de deseño gráfico, sitúan conscientemente o seu traballo nunha encrucillada cultural / industrial, que ten moito que ver cos proxectos de articulación e modernidade que en Galicia buscan os sectores sociais máis activos, ao mesmo tempo que determinan un espazo epistemolóxico e profesional novo, distinto ao da publicidade, ao da ilustración, a arquitectura ou a pintura». Nesa liña incorpóranse deseñadoras como Lía Santana, Manuela Mariño, Uqui Permuy ou Nuria Carballo. Lía Santana é cofundadora de Grupo Revisión,



Uqui Permuy
 Campaña “En negro
 contra as violencias”,
 2018. Concello de
 Santiago de Compostela,
 uqui.net

o redeseño de *La Voz de Galicia* e unha gran cantidade de traballos de infografía, desde os seus lembrados traballos sobre o Pórtico da Gloria ou as guerras esquecidas de África ao deseño de libros como os da colección Valle-Inclán ou a recente selección de obras clave para entender a historia que ofrece *La Voz de Galicia*. Ao tempo, Uqui Permuy

estudo ao que lle debemos gran parte da construción de identidades das nosas institucións. Grupo Revisión estudará, desde o deseño, a cultura galega e o seu imaxinario, e entre os seus traballos máis coñecidos están o Cuponazo da ONCE (1987), o logotipo de Edicións Xerais de Galicia (1989), a identidade corporativa de Turgalicia (1993) ou a caixa de ovos de Pazo de Vilane (1997). A Manuela Mariño débesele

traballou no equipo do seu irmán Alberte Permuy para continuar unha produtiva traxectoria en solitario como directora de arte e deseñadora gráfica que traballou en proxectos vinculados á esfera da creación contemporánea. Pioneira en traballar con activistas feministas e interesada no deseño social, entre os seus traballos destacan campañas como En negro contra as violencias

Manuela Mariño



Libros da colección Valle-Inclán para *La Voz de Galicia*, 2019.
 Col. Fundación DIDAC


María Pereiró
Packaging para Licores
Bocabajo de Adegas
Castrobrey, 2010



—realizada para ou Concello de Santiago de Compostela— e numerosas publicacións. Por último, Nuria Carballo é directora creativa, directora de arte e analista de tendencias. Con experiencia internacional en varios sectores como creadora de novas ideas, conceptos e marcas, comezou a súa carreira artística xunto aos seus pais, os citados Luís Carballo e Julia Taboada, cos que colaborou en proxectos como Galicia Moda ou toda a promoción do Xacobeo'93. Máis tarde decidiu crear a súa propia compañía e en 2005 funda Unconventional London, desde onde traballou para empresas como Timberland, Martínez Otero ou Amanda Wakeley.

Outras deseñadoras gráficas galegas destacadas son Ninfa Cores,

Ombretta, Cecilia Labella, Rebeca Ces, Eli Alonso, Laura Alonso, Noa Bembibre, estudos como Ekinocio Comunicación, Desoños —codirixido por Noelia Estévez—, Sond3 —Natalia Crecente—, Yarza Twins —Eva e Marta Yarza—, María Domínguez e María Pereiró —antes Marujas Creativas— ou Marta Lojo, a quen se lle deben deseños paradigmáticos como os lunares das adegas Paco & Lola ou a xenebra Nordés. Por suposto, non podo senón destacar o equipo de DARDO que, capitaneado por Conchi Mayo, sempre traballou con deseñadoras que ademais puideron asinar todos os seus traballos e loitaron pola súa visibilidade dun modo nada habitual nos estudos de deseño, que priman a marca por encima da persoa. Polo seu equipo pasaron Patricia Dopico,



Cristina Moralejo (DARDO)
Drift. Miradas cruzadas
entre diseño y arte
contemporáneo,
MAC-Museo de Arte
Contemporáneo de la
Fundación Naturgy, 2018

Laura Gómez e María Agra e desde hai anos está conformado por Blanca Prol e Cristina Moralejo, deseñadoras merecedoras de numerosos premios e recoñecementos.

Estes son só algúns dos nomes de deseñadoras gráficas galegas, ás que habería que sumar as que se achegan ao deseño desde a ilustración e o debuxo, como Bea Lema, Nuria Díaz ou Tamara Feijoo. Doutra banda, hai quen valorou o artesanal e o debuxo ao investigar o mundo da tipografía, como é o caso de María Ramos, que traballa na súa propia marca NM type, creada xunto a Noel Pretorius. Xuntos crearon a tipografía Kinetic, merecedora dun certificado de excelencia tipográfica concedido polo Type Directors Club de Nova York ou Movement, tipo experimental

inspirada na arte da danza. Parte do seu labor profesional inclúe tamén a investigación e escritura de artigos en publicacións especializadas como *Typographica* ou *Alphabettes*, colectivo do que forman parte desde 2016.

Agora, no século XXI, vemos con algo de perspectiva histórica como na Península Ibérica desdeñamos o sistema de produción artesanal baseado na manufactura. Hoxe son moitos os artistas e deseñadores que miran cara ao universo artesanal e os deseñadores e artistas buscan, cada vez máis, as formas propias. O campo entre arte, artesanía e deseño profundou nos últimos anos en valores que foron esquecidos pero que xa estaban nas experiencias da Bauhaus ou de Ulm, por exemplo. Esas formas inéditas ás que aludía Luis Seoane están aí máis que nunca para quen saiba recollelas. Un exemplo é o traballo de Elena Ferro, premio Nacional de Artesanía 2019, que actualizou os zocos para

Noroeste Obreroiro



Colar rizo mini. Col. Fundación DIDAC

levalos ás pasarelas de moda, como advertimos nos *Zocos Martixe*. Porque non hai mellor forma de protexer a nosa cultura que ter en conta a súa propia historia. Esa esencia está no mellor da nosa artesanía, campo que nos últimos anos adquiriu unha gran visibilidade grazas ao traballo con técnicas de cestería contemporánea de Idoia Cuesta —Premio Nacional de Artesanía 2015—, os deseños cerámicos de Marta Armada ou Ojea Studio —Premio Nacional de Artesanía 2019 na categoría de produto—, os tecidos de Anna Champeney e Belategui Regueiro, ou a xoiaría de Noroeste Obreroiro e Rosa Méndez. De entre estas,

hai quen como Verónica Moar interpreta a paisaxe como materia e como forma desde a cerámica, a medio camiño entre a arte e a artesanía. Un exemplo evidente foi a súa exposición *Lítica*, onde a paisaxe se desintegra e destorce, se desfigura e restaura, en definitiva, onde se configura como un proceso. O xeolóxico, o telúrico ou o sísmico adxectivan de maneira elocuente as súas propias palabras: «Vivo nun territorio no que a pedra invade a paisaxe. Galicia é unha das pezas claves para estudar a historia xeolóxica da Terra; é un laboratorio natural. (...) O propio material acaba por transformarse nunha peza cerámica que fai millóns de anos

María Ramos e Noel Pretorius



Ojea Studio



Karróns da Colección Cut & Fold, 2015. Col. Fundación DIDAC

foi unha roca. (...) Unha sección de paisaxe que se foi descompoñendo e erosionando ata se converter en algo que as miñas mans poden modelar. Paréceme apropiado falar da escultura a través do seu material máis elemental». Neste sentido, resulta importante lembrar que o seu material é a porcelana e esta non se atopa así na natureza, senón que é a combinación de tres elementos —cuarzo, feldepato e caolín— que son, á súa vez, elementos fundamentais na formación da Terra.

Se facemos historia, a cerámica en Galicia é un territorio que leva

a marca de Cerámicas do Castro e Sargadelos. As dúas empresas contrataron numerosas mulleres do rural e traballaron con man de obra fundamentalmente feminina nas decoracións. Todos coñecemos o importante labor que realizaron Isaac Díaz Pardo, Luis Seoane ou Xosé Vizoso, pero a de Carmen Arias —Mimina— pasou máis desapercibida malia debérenselle achegas importantes, como algunhas das estupendas ilustracións das vaixelas infantís. Carmen Arias asistira a clases de pintura con Lolita Díaz Baliño, pero a súa familia —que desaprobaba a súa relación con Isaac

Marta Armada
Sin lastre, 2014

Díaz Pardo debido á súa ideoloxía— non lle permitiu continuar os estudos que iniciara en Madrid, de modo que non puido acabar Belas Artes. A Carmen Arias débenselle algúns dos primeiros deseños de Cerámicas do Castro e será quen impulse o taller de xoiaría de Sargadelos, sempre mostrando o seu compromiso con Galicia.

Por último, habería que citar unha serie de deseñadoras que conseguiron destacar noutros campos do deseño como o *CMF design* —Noemí Cortizas— ou o deseño de servizos —Coca Rivas—. Residente en Francia desde hai anos, Noemí Cortizas é unha deseñadora industrial formada en enxeñaría mecánica e apaixonada da innovación e o deseño para as persoas, campos nos que se formou en París. A súa especialidade é o deseño de produto e, sobre todo, a rama *CMF design*, que se centra na investigación de materiais, cores e acabados para satisfacer un mercado que cada vez é máis esixente e que evoluciona moi rápido. Desde 2017 traballa en Roctool identificando tendencias de



mercado e en xestión de proxectos de deseño e innovación (I+D) para a obtención de prototipos e resultados escalables e con posibilidade de industrialización. Doutra banda, Coca Rivas é actualmente a directora de deseño estratéxico e de servizos da consultora dxw, especializada no sector público. Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, traballou para o goberno inglés como deseñadora de experiencia de usuario para portais web e como xestora en proxectos de transformación dixital que foron a semente do que hoxe é un dos espazos dixitais máis recoñecidos internacionalmente: gov.uk. Coca Rivas contribuíu ao desenvolvemento de estándares



Sofía Blanco Santos
e Caio Barboza
W House, 2017
Projecto para One
Night Stand for Art &
Architectures, Os Anxeles

actuais para os servizos ao cidadán e liderou procesos de transformación dixital en diversos ámbitos da Administración pública.

Tamén no campo do dixital destaca Marta Verde, deseñadora visual, creadora dixital e docente. A súa práctica artística explora a natureza indeterminista na relación do orgánico e o electrónico no campo visible mediante o uso do ruído, a repetición e o procesamento dixital de imaxes analóxicas en tempo real. O seu traballo materialízase en instalacións multimedia, lumínicas e en forma de colaboracións con músicos ou danza ao aplicar diferentes técnicas como poden ser o desenvolvemento de software propio e a construción de dispositivos físicos a través da fabricación dixital e/ou electrónica, como parte da cultura *maker* e DIY.

Nos últimos anos aparecen novas deseñadoras cunha formación moi heteroxénea e que, en moitos casos, teñen en Galicia o seu punto de partida aínda cando desenvolverán fóra a súa traxectoria ou gran parte dela, como son os casos da arquitecta Sofía Blanco Santos —interesada en auscultar as propiedades climáticas, a cultura material e as tradicións— e a deseñadora Sara Regal Alonso, que traballa a partir dun enfoque intuitivo e experimental a partir da calidade do material, case sempre reciclado.

Entre tanto, no noso presente moitas empresas galegas empezan a apostar polo deseño como factor clave para a súa competitividade, de modo que a historia da muller no deseño galego só acaba de empezar, co empeño e determinación que empresarias como María Martínez —fundadora de Martínez Otero— demostraron como pioneiras na súa aposta pola artesanía e o deseño. Reconstruíndo, por fin, a outra metade.

O CAMPO ENTRE ARTE,
ARTESANÍA E DESEÑO
PROFUNDOU NOS
ÚLTIMOS ANOS EN
VALORES QUE FORON
ESQUECIDOS PERO
QUE XA ESTABAN
NAS EXPERIENCIAS DA
BAUHAUS OU DE ULM,
POR EXEMPLO.

LA OTRA MITAD.

La mujer en la historia del diseño

DAVID BARRO

Basta una lectura rápida del universo de las colecciones de nuestros museos más importantes, como el Museo del Prado, la National Gallery de Londres o el Museo del Louvre de París, para que quede claro el problema. Como señala Peio H. Riaño en su libro *Las invisibles. ¿Por qué el Museo del Prado ignora a las mujeres?*, editado por Capitán Swing, entre sus obras «hay muchas mujeres desnudas, pero pocas artistas»¹. Así, relata cómo en la colección de la National Gallery, que abarca desde el siglo XIII hasta principios del XX y está compuesta por 2.300 obras, únicamente hay veinte pinturas realizadas por

mujeres artistas y solo cuatro de ellas cuelgan a la vista. Entre ellas, artistas de indiscutible calidad como Artemisia Gentileschi, Judith Leyster o Élisabeth Vigée-Lebrun. Estas dos últimas se repiten en el Museo del Louvre, que cuenta con una colección de más de 5.500 pinturas de las que se exhiben más de 3.600, pero solo veintiuna pertenecen a mujeres, entre ellas, las de Marie d'Orleans, a quien dedicó una exposición temporal en 2018. El Museo del Prado exhibe poco más de una decena de pinturas de autoría femenina, entre ellas las de Clara Peeters, Sofonisba Anguissola, Angelica Kaufmann o Rosa Bonheur, así como la citada Artemisia Gentileschi. Los datos numéricos son contundentes, lo que nos habla de una todavía falta de voluntad a la hora de normalizar esta situación.

¹ Peio H. Riaño, *Las invisibles: ¿Por qué el Museo del Prado ignora a las mujeres?*, Capitán Swing, Madrid, 2020.

Es por tanto que una de nuestras principales responsabilidades profesionales como historiadores es recuperar estos legados no solo cuantitativamente sino cualitativamente, máxime cuando además muchas pinturas realizadas por mujeres fueron atribuidas a otros autores. Políticamente, si atendemos a los temarios de bachillerato, todavía hoy no se contribuye a paliar esta suerte de silencio y en períodos como el Barroco —a excepción de Artemisia Gentileschi— o el Neoclásico —con Angelica Kaufmann— las mujeres desaparecen por completo de los libros, mientras en otros períodos se salpica algún nombre casi de manera anecdótica como los de Sofonisba Anguissola (Renacimiento) o Camille Claudel (Romanticismo). Porque claro

que hay más artistas mujeres en el Renacimiento —Plautilla Nelli, Lavinia Fontana, Lucrezia Quistelli, Barbara Longui...—, en el Rococó —Anna Dorothea Therbusch, Marguerite Gérard...—, en el Barroco —Louise Moillon, Elisabetta Sirani...— o en el Neoclasicismo —Élisabeth Vigée-Lebrun, Marie-Denise Villers, Constance Marie Charpentier...— como las habrá en el impresionismo —como Mary Cassatt, Marie Bracquemond o las compañeras en el estudio de Manet, Berthe Morisot y Eva Gonzàles—, en el posimpresionismo —Suzanne Valadon, Emily Carr...— o las ya citadas artistas expresionistas. La cuestión es que, de una manera o de otra, todos debemos contribuir a construir ese relato en la historia del arte² y, como se trata en este caso, en la historia del diseño.

Una de nuestras principales responsabilidades profesionales como historiadores es recuperar estos legados no solo cuantitativamente sino cualitativamente, máxime cuando además muchas pinturas realizadas por mujeres fueron atribuidas a otros autores.

² David Barro / Diego Cascón Castro, *Mirar de nuevo. La mujer contra el tiempo*, Fundación Galicia Obra Social, Afundación, A Coruña, 2020.

Bonnie Maclean



Cartel para el teatro Fillmore #102, enero de 1968.
Col. Fundación DIDAC

Artistas y diseñadoras en la era industrial y la vanguardia

A mediados del siglo XIX se crearon instituciones desde el Gobierno de Londres como la Royal Female School of Design o en Estados Unidos la Philadelphia School of Design for Women, pero no será hasta la llegada del movimiento *Arts and Crafts*—surgido en Inglaterra a finales del XIX y seguramente el punto de partida de lo que podemos considerar como diseño moderno—, cuando el papel de las mujeres cobrará una visibilidad creativa inédita. En este sentido, nadie duda de que es el nombre de su fundador, William Morris, el que sobresale por derecho propio. Pero más allá de esto, resulta injustificable que, a pesar de la enorme presencia de creadoras con conocimientos de diseño y artesanía, unido al respeto que sus compañeros masculinos les tenían como camaradas cómplices por su labor con diseños textiles, de joyas o de libros, así como su compromiso con la causa educativa, la historia se haya olvidado de sus nombres ensalzando, en muchos casos, los de sus maridos. Es el caso de Elizabeth Waterhouse y su trabajo metalúrgico o Phoebe Anna Traquair, con sus ilustraciones, joyas esmaltadas o pinturas murales.

Basta pensar en una significativa fotografía de 1894 en

la que creadoras como Frances Macdonald, Agnes Raeburn, Aitken Janet, Cameron Katherine, Keppie Jessie y Margaret Macdonald, rodean al sí reconocido Charles Rennie Mackintosh. Todas ellas son integrantes históricas de la Escuela de Glasgow. Sin embargo, figuras como la pintora y decoradora de interiores Margaret Macdonald—que en 1900 se casará con el propio Mackintosh— serán clave de inspiración para el diseño psicodélico de los sesenta, como se puede advertir en el trabajo de Alton Kelley o Víctor Moscoso, dos de los considerados «cinco grandes» de la psicodelia, que se inspiran en la era victoriana y el *art nouveau* sumando todo ello al poso que había dejado el arte pop. El diseño psicodélico no se preocupaba por la legibilidad y se dejaba llevar por guiños expresionistas y decorativos similares a la fantasía lírica con la que impregnaba Macdonald sus trabajos, en los que también destacaban las formas vegetales y redondeadas. Pero lo curioso es que seis décadas después se repite la ecuación y resulta extraño que aún hoy se siga hablando de los «cinco grandes» de la psicodelia y al hablar de Bonnie MacLean—artista clave de ese momento histórico, que realizó únicamente 32 carteles pero para conciertos memorables de The Doors, Hendrix, Led Zeppelin,



La inventora E. Lilian Todd con su aeroplano en 1910

Pink Floyd o The Who— se diga que está situada al lado de esos «cinco grandes». La pregunta resulta obvia: ¿por qué no hablamos de los «seis grandes» representantes de este momento contracultural?. No existen muchas razones que puedan justificar esa injusticia, máxime cuando fue ella quien sustituyó a Wes Wilson —el cartelista más popular de la psicodelia— al frente de la comunicación del Teatro Fillmore de San Francisco.

Volviendo al movimiento de *Arts & Crafts*, conocemos más a algunos de sus integrantes masculinos, como Charles Robert Asbee, Philip Webb o el citado Charles Rennie Mackintosh, pero menos a figuras como May Morris o Georgie Gaskin, quien con su marido Arthur se situarán como

